

***Sabean quantos este liuro virem... A recepción galega do legado historiográfico e haxiográfico do Rei Sabio na primeira metade do século XIV\****

Ricardo Pichel

Universidad de Alcalá

Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela)

DOI: [10.17075/gtax.2021.008](https://doi.org/10.17075/gtax.2021.008)

\* A realización deste traballo enmárcase nos proxectos de investigación «PTGM. Patrimonio textual na Galicia medieval: prosa documental e literaria» do Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela) e «HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación y memoria» da Universidade de Alcalá (CM, 2018-T1/HUM-10230), en colaboración con «LEHIAL. El legado historiográfico de Alfonso X (1270-1350): teoría histórica, tradicións literarias y textos inéditos» (MCIU PGC2018-097250-B-I00, Universidade de Salamanca) e «MELE. Da memória escrita à leitura do espaço: Pedro de Barcelos e a identidade cultural do Norte de Portugal» (FCT POCI-01-0145-FEDER-032673, Universidade do Porto). Agradezo as valiosas indicacións de Mariano de la Campa Gutiérrez, Miguel García-Fernández, Ramón Mariño Paz, Clara Pascual-Argente, Rosa María Rodríguez Porto, Harvey L. Sharrer, José António Souto Cabo e Xavier Varela Barreiro, que permitiron mellorar significativamente este traballo. A cita que encabeza o título procede da *Crónica troiana* patrocinada por Fernán Pérez de Andrade en 1373 (BNE ms. 10233, f. 100r; BITAGAP manid 1068). As siglas empregadas no artigo son as seguintes: ACOu = Arquivo da Catedral de Ourense, AHN = Archivo Histórico Nacional (Madrid), AHPOu = Arquivo Histórico Provincial de Ourense, ANTT = Arquivo Nacional da Torre do Tombo (Lisboa), ARAG = Arquivo da Real Academia Galega (A Coruña), ARG = Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña), BAV = Biblioteca Apostolica Vaticana (Città del Vaticano, Roma), BCB = Biblioteca da Casa de Bragança (Vila Viçosa), BDH = Biblioteca Digital Hispánica, BGHUsal = Biblioteca General Histórica de la Universidad de Salamanca, BL = British Library (Londres), BMP = Biblioteca de Menéndez Pelayo (Santander), BnF = Bibliothèque nationale de France (París), BNE = Biblioteca Nacional de España (Madrid), BNP = Biblioteca Nacional de Portugal (Lisboa), BPE = Biblioteca Pública de Évora, GE = *General Estoria*, HSA = Hispanic Society of America (NY); RBME = Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial.

## 1. FIGE AJUNTAR MOYTOS ESCRITOS DE MOYTAS ESTORIAS... A HERDANZA CULTURAL AFONSINA<sup>1</sup>

Como é ben sabido, Afonso X concibiu e despregou de maneira colosal<sup>2</sup> diferentes iniciativas culturais ao longo das case catro décadas nas cales se forxou a súa traxectoria política e intelectual, primeiro como infante e despois como rei, en campos tan diversos como a historia, a ciencia, o dereito, a poesía, a música ou a cultura visual<sup>3</sup>. Á marxe da súa obra lírica —relixiosa e profana—, para a que se serviu da tradición lingüística e literaria galego-portuguesa, boa parte da produción derivada dos restantes saberes cultivados foi coñecida e, dun modo ou doutro, asimilada máis alá da corte rexia castelá, dentro e fóra dos lindes da Coroa, en particular nos diferentes espazos culturais activos no Occidente peninsular desde finais do século XIII. No que respecta ao estudo dos «feytos antigos», as fondas implicacións ideolóxico-políticas e o vasto e diverso cúmulo de coñecementos compilados nelas caracterizan as dúas iniciativas cronísticas do Rei Sabio. Conectando coa omnipresente tradición isidoriana, orientounas, por un lado, cara ao pasado hispánico, é dicir, o relato da historia das comunidades e territorios supeditados ao seu dominio ou influencia (a *Estoria de España*); e, por outro, cara ao pasado universal, isto é, a crónica, moito máis ambiciosa, de todos os feitos acontecidos no mundo desde a súa creación (a *General Estoria*). Poucas décadas após a súa concepción, ambas as empresas historiográficas viaxaron e circularon a través de diferentes iniciativas de copia, tradución e refundición tanto no reino portugués como por terras galegas. O mesmo aconteceu co portentoso tesouro haxiográfico —os cinco libros das *Vitae sanctorum*— compilado por un dos seus máis estreitos colaboradores, Bernardo de Brihuega, concibido, en gran medida, para a súa integración na *General Estoria*. Por último, para alén doutros ámbitos do saber<sup>4</sup>, a pro-

1 A cita que encabeza esta epígrafe procede da *Geral Estoria* galega (RBME ms. O.I.1, f. 1v). Un panorama xeral sobre os textos historiográficos galegos de procedencia afonsina pode lerse en Lorenzo (2000: 367-390; 2002: 94-107), Rodríguez (2003), López Martínez-Morás (2007: 458-464) ou Corral Díaz/Pichel *et alii* (2020: 67-99).

2 En referencia á acertada expresión empregada por Joseph T. Snow (2020: 14-15) no seu prólogo á monografía colectiva *Alfonso el Sabio: cronista y protagonista de su tiempo* (Fidalgo ed. 2020: 11-24).

3 Véxanse, entre outras, as aproximacións de Procter (2002), Márquez Villanueva (2004), Bautista (2014c) ou Doubleday (2015) para un repaso sobre a transcendencia da produción afonsina en termos de renacemento e renovación cultural.

4 A literatura científica de procedencia afonsina tamén tivo o seu eco en terras occidentais, como demostra a tradución parcial xudeo-portuguesa do *Libro complido en los juizios de las estrellas* feita en 1411

dución lexislativa afonsina foi outra das esferas de coñecemento de maior impacto en termos de asimilación social e cultural, como demostran os numerosos vestixios —máis de medio centenar— da tradución das *Sete Partidas* tanto en Galicia como en Portugal, así como doutros regulamentos normativos coetáneos impulsados desde a corte rexia, como as *Flores de Dereito*, texto elaborado polo xurista italiano Giacomo Giunta no segundo cuartel do trescentos, ou o xa afonsino *Foro Real*<sup>5</sup>.

## 2. A RECEPCIÓN DA HISTORIA UNIVERSAL DO REI SABIO

A *General Estoria* é unha das principais mostras culturais do intricado proxecto sociopolítico e universo intelectual do Rei Sabio, concibida como unha historia universal desde a orixe da humanidade até o século XIII, cando foi proxectada e compilada a partir de ca. 1265-70. A pesar da existencia na época doutras crónicas universais (por exemplo, o *Pantheon* de Godofredo de Viterbo), o singular proxecto afonsino destacou por moitas razóns: por un lado, a reivindicación do uso do vernáculo fronte ao latín, a lingua de poder e de cultura imperante até ese momento; por outro, o alcance enciclopédico e a diversidade dos contidos recollidos e incorporados á obra, así como a súa complexidade estrutural, a riqueza e variedade das fontes empregadas ou o refinamento estilístico. O intenso labor de investigación, tradución, *compilatio* e *ordinatio* do taller historiográfico promovido por Afonso X cristalizou nunha rigorosa organización dos contidos por idades, reinados e pobos, ben como na exexese das fontes a través de comentarios, glosas e digresións propiciadas polo propio equipo de sabios colaboradores que traballaban so o mecenado do monarca. Do punto de vista cronolóxico, os contidos escolmados organizábanse consonte unha armazón temporal baseada nas seis idades establecidas por Agostiño de Hipona de acordo cos feitos do Antigo e do Novo Testamento; porén, non hai unha correspondencia biunívoca entre idade bíblica e sección da obra, debido á diferente extensión

---

en Torres Vedras (Lisboa) a partir da versión castelá promovida por Afonso X (BETA texid 1018; BITAGAP texid 1224). O manuscrito alxamiado, identificado por Gerold Hilty (1982), consérvase hoxe na Bodleian Library de Oxford (Laud Or. 310; BITAGAP manid 1486); véxase unha recapitulación en Fernández Fernández (2013: 130-131).

5 Por limitacións de espazo, non poderemos abordar aquí o referido á recepción da produción xurídica afonsina na Galicia baixomedieval, para o que remitimos a un recente estado da arte en Corral Díaz/Pichel *et alii* 2020: 135-211 e, en particular, para a recepción e difusión das *Sete Partidas*, en Pichel 2021a (cf. Domingues 2021 para o ámbito portugués). No ámbito galego conservamos, máis alá dalgúns referencias indirectas a exemplares hoxe perdidos, unha ducia de testemuños fragmentarios de case todas as *Partidas* —salvo da segunda— (BITAGAP texid 14545), ademais dalgúns fragmentos das *Flores de Dereito* (BITAGAP texid 9842), do *Foro Real* (BITAGAP texid 9841 e manid 4094) e, xa na época de Afonso XI, do *Ordenamento de Alcalá* (BITAGAP texid 9428). Véxase un panorama xeral actualizado sobre a tradución entre linguas vernáculas na Galicia medieval en Pichel (2021c); véxase tamén Rodríguez (1999), Noia Campos (2004) e Ferreira (2012).

dos relatos incluídos en cada parte. Deste modo, a pauta estrutural que vertebrou a progresión cronolóxica de cada unha das seccións da *General Estoria* veu dada polos *Canones chronici* de Eusebio de Cesarea e Xerome, o que permitiu, ademais, compatibilizar e complementar o relato sagrado coa máis diversa materia profana.

Das seis partes proxectadas no obradoiro afonsino completáronse, aínda que en diferente grao de compilación, as catro primeiras<sup>6</sup>, ficando a quinta avanzada mais non finalizada e a sexta parte nun estadio redaccional moi incipiente<sup>7</sup>. Da primeira e da cuarta parte, conservamos dous manuscritos elaborados na corte rexia, ademais dunha trintena de copias posteriores elaboradas entre os séculos XIV e XVI<sup>8</sup>.

### 2.1. A *General Estoria* no Occidente peninsular. A versión galega de GE1

No reino portugués, a *General Estoria* sería moi probabelmente coñecida xa no reinado de D. Dinis (1279-1325) e a súa influencia comeza a ser manifesta desde o segundo cuartel do trescentos até ben entrado o século XVI. É o que acontece coa *Crónica de 1344*, na cal certas referencias a Hércules como fundador da monarquía hispánica e a reinterpretación dalgunhas pasaxes do libro da Xénese evidencian o coñecemento por parte do Conde de Barcelos da historia universal afonsina<sup>9</sup>. Pola mesma época testemuñase a lectura comentada do códice eborense *R* da *General Estoria*, no cal se rexistran numerosas correccións e glosas ao Salterio afonsino da responsabilidade dun avezado lector portugués<sup>10</sup>. Porén, o período de máis intensa recepción da obra en Portugal é o século XV, en particular no seo da corte dos Avis, para a que se coñecen diferentes indicios indirectos da súa circulación e difusión por parte de monarcas, infantas e cronistas, para alén dun conxunto de vestixios fragmentarios que dan conta

6 O magno proxecto afonsino continuaba en andamento por volta de 1280, cando o copista Martín Pérez de Maqueda finaliza a versión rexia da cuarta parte da *General Estoria*. Porén, o falecemento do monarca en 1284 paralizou definitivamente a continuación dos traballos de harmonización e conciliación dos materiais previstos para as últimas dúas partes da obra.

7 Máis alá da sexta parte, só coñecida a través dun borrador (Sánchez-Prieto Borja/Almeida 2009) e dalgúns outros testemuños moi fragmentarios (BETA manid 6064), aínda continuamos sen coñecer o contido de certas seccións de GE3 e, sobre todo, de GE5. Conservamos dous manuscritos afonsinos da primeira (BNE ms. 816; BETA manid 1055) e da cuarta parte (BAV ms. Urb. Lat. 539; BETA manid 1077), ademais dunha trintena de copias elaboradas entre os séculos XIV e XVI (BETA texid 1008).

8 Para a tradición textual e manuscrita da *General Estoria* (BETA texid 1008) véxanse, entre outros, os traballos de Gómez Redondo (1998: 703-704, 2007: 4011-4019), Fernández-Ordóñez (1992, 2002a), Sánchez-Prieto Borja (2009b: I, xliii-xxxv; 2021), Almeida (2013, 2018) e Bautista (2020b). O texto crítico integral pódese ler na edición coordinada por Sánchez-Prieto Borja (2009a; cf. 2016).

9 Véxase ao respecto os recentes traballos de Miranda (2015) e Ferreira (2015: 65-68; 2019: 197-216).

10 Trátase do ms. CXXV/2-3 da Biblioteca Pública de Évora (BETA manid 1062) que, xunto co ms. RBME I.L.2 (BETA manid 1076), conforma a coñecida como *Estoria de la Biblia*, elaborada por volta de 1330-40 no círculo cortesán da raíña dona María de Portugal (Rodríguez Porto 2012a: II, 339-453). O manuscrito eborense preserva as seccións bíblicas da segunda e terceira partes da *General Estoria*, así como o Eclesiástico de GE4. Para os comentarios, redixidos nunha variedade lingüística fortemente interferida polo castelán, presentes neste códice, véxase Leite (2017a).

dun proxecto de tradución portuguesa do texto afonsino<sup>11</sup>. Finalmente, no século XVI, o *Auto de la Sebila Casandra* revela, de novo, o coñecemento da *General Estoria*, neste caso por parte de Gil Vicente, ao inspirarse no relato da singular profecía de Casandra integrado na crónica universal do Rei Sabio (Leite 2009, 2017b).

Polo que respecta ao ámbito territorial e cultural galego, desde mediados do trescentos e durante o terceiro cuartel desta centuria, assistimos á tradución e copia de, como mínimo, unha parte significativa do volume textual transmitido nos dous primeiros libros da *General Estoria*. O códice escurialense O.I.1 (BITAGAP manid 1089; Fig. 1), coñecido coa sigla *F*, é unha tradución parcial da primeira parte (GE1) da compilación afonsina<sup>12</sup>. É o principal testemuño occidental da obra, pois consérvase (case) íntegro e representa o vestixio material máis antigo coñecido (mediados do século XIV). Como é sabido, GE1 abrangue os cinco libros do *Pentateuco*—isto é, os relatos bíblicos correspondentes ás dúas primeiras idades e ao comezo da terceira: da Creación ao Diluvio e de aí ao reinado de Abraham até a morte de Moisés— e, para alén dos materiais bíblicos, nel foron obxecto de combinación fontes moi diversas de contido laico, como Isidoro de Sevilla, Plinio, Lucano, Ovidio ou os mitógrafos medievais (Sánchez-Prieto Borja 2009b: I, lxxc-xcii; 2021). O tal códice escurialense (*F*) transmite no seu estado actual máis da metade da Xénese, nomeadamente os seis primeiros libros e a metade do sétimo, na altura do relato da loita de Xacob co anxo (cap. 22). A coidada factura do manuscrito, que o individualiza fronte aos restantes testemuños da tradición galego-portuguesa, reflíctese especialmente na decoración e disposición das iniciais capitulares<sup>13</sup> (Fig. 1).

11 Coñécese seis fragmentos da primeira e da segunda parte da tradución portuguesa da *General Estoria* datados entre os séculos XV e XVI (BITAGAP texid 1244). Cinco deles consérvanse no Arquivo Nacional da Torre do Tombo—Caixa 13, maço 10, n. 30 (BITAGAP manid 5893); Caixa 21, n. 29 (BITAGAP manid 1495); Caixa 21, n. 30 (BITAGAP manid 1502); Caixa 21, n. 31 (BITAGAP manid 1501); Caixa 21, n. 32 (BITAGAP manid 1500)— e un máis no Arquivo Distrital de Castelo Branco (CNCVL / 01 / Livro 014 / Maço 02; BITAGAP manid 3746). Véxase un estado da arte sobre a recepción portuguesa da *General Estoria* no XV en Leite (2017b), e, en particular, para a corte dos Avis, en Leite (2012: 241-269).

12 O texto foi editado por Martínez-López (1963)—inútil sen a exhaustiva revisión e corrección realizada por Lorenzo/Couceiro Pérez (1999a e 1999b)— e parcialmente por Sousa (1964: 2-62); e tamén está accesíbel no CGPA. Hoxe contamos tamén cunha nova transcripción paleográfica deste testemuño e da súa retradución (cf. *infra*), elaborada no marco dos proxectos PTGM e HERES, accesíbel no EGPA-lit (*Escritorio Galego-Portugués Antigo. Textos Literarios*).

13 Un primeiro intento de descrición codicolóxica deste manuscrito en Campos Souto (1997). Máis alá da alternancia cromática (en tinta azul e vermella) e a diversa ornamentación afligranada, é moi salientábel a xerarquización das capitais de acordo coa presenza de determinadas fronteiras textuais ou estruturais—como o cambio de idade ou de libro—, para as que se reservan iniciais de grandes dimensións (9-10 unidades de pautado), a diferenza das seccións capitulares menores, para as que se empregan capitais de entre 2 e 6 unidades de pautado (dependendo se é inicio de rúbrica ou de texto). Esta disposición das iniciais capitais, así como o propio acabado da ornamentación, parecen remitir a un modelo decorativo moi próximo ao códice considerado rexio da GE1 (BNE ms. 816), o cal resulta de sumo interese para imaxinarmos a materialidade dunha versión, como se lembrará, aínda non depurada do punto ideolóxico—como é o caso do antigo de *F*—. O testemuño *K* da segunda parte da *General Estoria* (BNE ms. 10237; BETA manid 1067), de cronoloxía similar (ca. 1340), representa un caso equivalente, do punto de vista textual (Almeida 2009: I, lxxix-lxxx) e material, ao do códice galego, o que merecería un estudo conxunto, tendo en conta, ademais, que, para alén de *K*, conservamos outro testemuño desa versión preliminar da GE2 nos materiais afonsinos incorporados na *Historia troyana* de Pedro I (cf. *infra*).



Fig. 1. *Geral Estoria* galega, inicio do quinto libro da Xénese e do seu primeiro capítulo. (© Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, ms. O.I.1, f. 86v).

O antígrafo de *F*, con todo, non é o exemplar hoxe conservado na BNE (ms. 816), pois a nivel textual a tradución galega remite a un testemuño previo, unha versión preliminar á sancionada polo monarca —da que hoxe non temos constancia directa— que non reflectía certas emendas presentes en *A* mais que, polo contrario, presentaba certas pasaxes ausentes nos restantes testemuños da tradición e que acabarían sendo corrixidas ou censuradas na posta a limpo do texto. Inicialmente interpretáronse estas secuencias como interpolacións dunha familia textual específica allea á inaugurada por *A* (García Solalinde 1930: li-lxvii); porén, a natureza controvertíbel —probabelmente considerada indecorosa ou impúdica— dalgunhas das innovacións presentes en *F* levou a crítica a reinterpretalas como segmentos xenuínos reflexo dunha etapa redaccional previa á fixación do texto definitivo trasladado ao códice rexio (o arquetipo *O*), momento en que se executaría un proceso de omisión ou reformulación propositado nunha derradeira fase de depuración ideolóxica<sup>14</sup>. Un

14 É un aspecto que aínda precisa dun estudo pormenorizado, mais xa foi apuntado por diversos autores desde os traballos de Diego Catalán (Catalán 1978: 268-269; 1992: 23, 39; 1997: 51; Martínez 1998:

dos exemplos máis nítidos desta purga discursiva é a substitución da referencia máis ou menos explícita ao sexo masculino («cortoulle aquilo con que o engendrara, pero nom se nom os dous compañoos de baixo, que som a hũa maneira feitos») por unha expresión bastante máis lacónica e pudorosa («quel cortó una parte del cuerpo») para aludir ás circunstancias do nacemento de Venus:

E enna volta das armas, segundo dizem tódolos autores, ferío Júpiter a Saturno, seu padre, éntrelas pernas e cortoulle aquilo con que o engendrara, pero nom se nom os dous compañoos de baixo, que som a hũa maneira feitos. E dizem que caerom enno mar e levantaron hũa espuma. E chamarom a aquela espuma *frodos*. E tam grande materia eram eles e tam grande espuma era aquela que eles levantaron da ferida que derom enna agoa, que se criou e se fezo ende a deesa de apostura e de amor a que os gentiis chamarom Venus. E doutra guisa chamarom a aquela espuma *frodos* que naceo de Saturno, deesa Frodisa. E Frodisa e Venus hũa cousa som. (RBME ms. O.I.I, f. 127va<sup>15</sup>)

E en la buelta de las armas, segund dicen todos los autores, firió Júpiter a Saturno yendo empós él tal golpe quel cortó una parte del cuerpo, e diz que cayó en la mar, e levantóse una materia ende. E aquella materia llamáronla *frodos*. E tan grand era aquella materia que de la ferida que dio en el agua que se crió e se fizo ende la deesa del apostura e de los amores a que los gentiles llamaron Venus. E d'otra guisa d'aquella espuma *frodos* que nació de Saturno llamaron a esta deesa Frodisa. Onde Frodisa e Venus una cosa son. (Sánchez-Prieto Borja 2009b: I, 304-305)

Esta mesma configuración discursiva, máis arcaica, tamén se encontra noutro manuscrito escurialense da GEI. Trátase do testemuño *E*, unha retradución castelá elaborada na primeira metade do século xv, que transmite o mesmo contido

179-183; Fernández-Ordóñez 2002b: 51; Sánchez-Prieto Borja 2002: 75; 2009: I, xc-xci). Véxanse outros casos de censura ou modificación ideolóxica noutras partes da *General Estoria*, como na quinta (Almeida/Trujillo 2009a: I, xc-c; 2009b) ou na segunda (Almeida 2009: I, lxxix-lxxx; Pichel 2016: 101-123; cf. *infra*). O termo *antígrafo* fai referencia ao modelo ou antecedente directo usado para executar a copia dun texto.

15 Edición propia (cf. Martínez López 1963: 248). A retradución do testemuño *E* (cf. *infra*) transmite o mesmo texto: «e en la buelta de las armas, segund dicen todos los atores, firió Júpiter a Saturno, su padre, entre las piernas e cortóle aquello con que le engendrara, pero non si non los dos compañones de baxo, que son a una manera fechos. E dicen que cayeron en el mar e levantaron una espuma. E llamaron aquella espuma *frodos*. E de tan grand materia eran ellos e tan grand espuma era aquella que ellos levantaron de la ferida que dieron en el agua, que se crio e fizose ende la deesa de apostura e de amor a que los gentiles llamaron Venus. E de otra guisa llamaron aquella espuma *frodos* que nació de Saturno, deesa Frodisa. E Frodisa e Venus una cosa son» (RBME ms. Y.III.12, f. 132va).



proxeitado para *F* e presenta diversos occidentalismos imputábeis ao seu máis que probábel modelo textual galego<sup>16</sup>. A dependencia de *E* con respecto a *F* parece, por tanto, segura, aínda que descoñecemos cal foi o contexto de produción ou a motivación que levou a realizar ese esforzo de (re)tradución existindo, naquela altura, outros moitos testemuños en castelán<sup>17</sup>. Polo que respecta á praxe tradutora de *F* fronte ao seu modelo —do cal, como vimos, non se conserva o seu antígrafo—, parece caracterizarse por unha tendencia lingüística máis literal e analítica, a diferenza do que acontece cun dos fragmentos portugueses de GEI, máis afastado, sintético e menos literal con respecto ao modelo afonsino<sup>18</sup>.

## 2.2. O contexto de produción e o testemuño indirecto da *Historia troiana*

Non sabemos cal foi a motivación ou o alcance da tradución e confección deste coidado exemplar (*F*). Descoñecemos se o que se pretendía era dispor dun ou máis volumes de natureza bíblica que transmitise(n) todo ou parte do Antigo Testamento, ou se se trataba dunha serie libraria coa tradución íntegra ou parcial de GEI, mais da cal só conservamos unha parte do primeiro libro<sup>19</sup>. En calquera caso, o acto de escritura parece que se interrompeu voluntariamente no último folio conservado do códice<sup>20</sup>. De acordo co que presupomos sobre o seu contexto de produción, non é descartábel que a confección do manuscrito se interrompese tras o abandono da iniciativa do seu probábel patrocinador e supervisor, Nuno Freire de Andrade II,

16 Sobre a configuración lingüística do ms. *E* (RBME ms. Y.III.12; BETA manid 1061), véxase Martínez López (1963: xviii-xix, 301-325), Rodríguez (1999: 1293), Fernández-Ordóñez (2002b: 46, 51), Sánchez-Prieto Borja (2009b: I, cxxii).

17 Neste sentido, chámamos moito a atención o feito de non ser este o único caso de retradución relacionado coa prosa medieval galega, pois aconteceu exactamente igual e na mesma época, como se verá (cf. *infra* n. 50), cunha das versións galegas da *Estoria de España* (ms. *Ae*) e tamén cun dos testemuños da *Crónica de 1404* (ms. *E*). Non temos datos acerca das razóns que puideron motivar a confección destas versións, se se empregaron para consumo interno, ou se foron concibidas para préstamo ou presente e, por tanto, para proxección fóra do espazo territorial e cultural galego.

18 Trátase do ms. ANTT Fragmentos, Caixa 13, maço 10, n. 30 (BITAGAP manid 5893). O confronto con *F* foi realizado por Leite (2017a); cf. Martínez López (1963: 301-325), Sousa (1964), Peres Rodrigues (1999) e Alonso Parada (2015).

19 Concordamos coa valoración que fai ao respecto Sánchez-Prieto Borja (2016: 40 e n. 40), pois, en efecto, o acto de copia desde o comezo de GEI non significa necesariamente que se levase a cabo a copia completa da *General Estoria* —así o imaxinaba García Solalinde (1930: xxxv) para o códice galego—, nin tan sequera é proba —engadimos nós— de que a intención fose copiar ou traducir toda a primeira parte da obra, pois, máis alá da inxente inversión en recursos humanos e económicos para logralo, podería existir calquera outra motivación ou restrición —temática ou tipolóxica—, como se ve, por exemplo, na selección da materia bíblica operada na coñecida como *Estoria de la Biblia* (cf. *supra* n. 11).

20 O escribán finaliza a copia do capítulo 22 do sétimo libro na sétima e última liña da segunda columna do recto do folio (153r) e a seguir deixa en branco o resto da columna e o verso do mesmo folio (que, en todo caso, ficou sinalizado co pautado da caixa de escritura). Actualmente o último caderno do manuscrito está desorganizado, pois o que debería ser o último folio (o 153) encóntrase en penúltimo lugar (por detrás do f. 152).

no contexto do seu paso a Portugal a mediados do trescentos (non posterior a 1355)<sup>21</sup>. Este destacado membro da influente casa e corte señorial dos Andrade, irmán máis vello do trastamarista Fernán Pérez o Boo<sup>22</sup>, emigrara definitivamente para Portugal ao servizo dos reis Pedro I<sup>23</sup> e Fernando I, ostentando no reino veciño, entre outros cargos, o de Chanceler-mor e o de Mestre da Orde de Cristo<sup>24</sup>.

Non é casualidade que o mecenado do outro testemuño galego da *Geral Estoria* se atribúa, de novo, a esta mesma figura, pois comparte con *F* un ambiente de produción moi similar en termos cronolóxicos e xeográficos, mais con notábeis diferenzas no que respecta ao contexto sociocultural e político en que se emprende esta segunda iniciativa de recepción da obra afonsina. Trátase, no entanto, dun testemuño indirecto, froito da integración dun conxunto de interpolacións no fío narrativo da *Historia troyana*, compilación de materia clásica patrocinada ca. 1365-69 por Pedro I de Castela. Como consecuencia da inestabilidade política da época —a guerra civil que o enfrontou con Henrique de Trastámara—, o proxecto de compilación textual e recreación pictórica da obra ficou paralizado e o manuscrito rexio sufriu unha deterioración importante. Porén, poucos anos despois (ca. 1369-73), o malogrado códice de Pedro I recalaría no seo do círculo petrista andradino e acabaría por ser restaurado e completado nas súas lagoas materiais e textuais baixo a supervisión de Nuno Freire de Andrade II, actividade da cal xurdirá a coñecida como *Historia troiana bilingüe*<sup>25</sup>.

A *amplificatio* de orixe afonsina incorporada á *Historia troyana* supuxo profundar no relato bélico de tradición francesa<sup>26</sup> co auxilio doutras fontes que permitían completar o contexto fundacional previo e os antecedentes da guerra, así como o

21 A esta circunstancia parecen apuntar algunhas notas marxinais coetáneas no códice da *Geral Estoria* (ff. 131-132) onde se recolle o nome de «Nuno Freyre» asociado a varias fórmulas de beizón e boaventura consignadas posibelmente polo propio escribán (cf. BITAGAP bioid 4048). O referente dos referidos apuntamentos tense asociado unhas veces ao copista e/ou tradutor do manuscrito e outras ao seu promotor, ao tempo que se conectou a identificación do tal personaxe coa figura homónima de Nuno Freire de Andrade I, cabaleiro de Afonso XI e tío do que hoxe en día se considera o comitente probábel do manuscrito (Martínez López 1963: x-xi; González López 1980; Lorenzo 1993: 292; Noia 1995: 34; Campos Souto 1997: 125; Mariño Paz 1998: 154; Noia 2004: 732; cf. Pichel 2014: 108-114, 2021b; Mariño Paz 2018: 111; Corral Díaz/Pichel *et alii* 2020: 70).

22 Como é sabido, Fernán Pérez de Andrade encargou en 1373 a tradución da *Crónica troiana* galega (BNE ms. 10233; BITAGAP manid 1068), baseada nun exemplar próximo á *Crónica troyana* patrocinada polo rei Afonso XI (RBME ms. H.j.6; BETA manid 1561) e finalizada a finais de 1350 (o texto foi editado por Lorenzo 1985; unha recapitulación recente sobre este texto en Corral Díaz/Pichel *et alii* 2020: 31-38).

23 Aparece xa documentado no tratado de Canaveses como un dos vasallos do infante D. Pedro encargados de observar e cumprir a avinza —asinada o 5 de agosto de 1355— celebrada co seu pai, o rei Afonso IV, pola cal se puña fin á guerra civil a conta do asasinato de dona Inés de Castro.

24 Véxase un aproximación á traxectoria político-cultural de Nuno Freire de Andrade II en Pichel (2012a: 120-124; 2014: 108-114).

25 Para a tradición e transmisión textual e iconográfica da *Historia troyana* (BETA texid 1143) e da *Historia troiana bilingüe* (BITAGAP texid 5936), así como a intencionalidade e o contexto de produción e mecenado de ambos os proxectos, véxase Rodríguez Porto (2012a: II, 719-788; 2012b), Pichel (2013: I, 63-174; 2016, 2017); unha recapitulación recente en Corral Díaz/Pichel *et alii* (2020: 39-46).

26 O fío narrativo principal da *Historia troyana* de Pedro I procede da prosificación ibérica do *Roman de Troie* (composto por Benoît de Sainte-Maure ca. 1155-65), a través da *Crónica troyana* de Afonso XI (D'Ambruoso 2012; Pichel 2016; unha recapitulación recente en Pascual-Argente 2020).

relato ulterior tras a definitiva destrución de Troia<sup>27</sup>. Todos estes contidos consérvanse principalmente na sección galega do manuscrito bilingüe custodiado na Biblioteca de Menéndez Pelayo de Santander<sup>28</sup> (ff. 1-21, 29-36, 44-49) e aparecen compilados nas tres primeiras partes da *General Estoria*. Porén, a versión que ofrece a *Historia troyana* non procede directamente da compilación universal afonsina, senón que foi escolmada a partir dalgúns materiais afonsinos previos, como o perdido *Libro de Troya* —tradución historiada con base na *Histoire ancienne jusqu'à César*— ou a *Estoria de las Bretañas* —tradución indirecta da *Historia regum Britanniae*—<sup>29</sup>. A natureza redaccional destas fontes —preliminar con respecto á súa adaptación na crónica afonsina— acostuma favorecer a emerxencia de pasaxes discursivas non censuradas como consecuencia do refinamento ideolóxico ao cal se sometían as versións definitivas dos textos unha vez sancionadas polo rei. Precisamente, igual que acontecía coa tradución de GE1, neste outro testemuño achamos novas e valiosas evidencias desa purga discursiva, como o episodio do cruento fratricidio dun infante da casa real —Apsirto, asasinado a mans da súa irmá, Medea, ambos fillos do rei cólquide Eetes—, no contexto da dramática fuxida de Xasón e de Medea tras a conquista do vélaro de ouro<sup>30</sup>.

### 3. A PROXECCIÓN DA CRÓNICA PARTICULAR (POST)AFONSINA

Se ben non é comparábel en extensión coa magnitude da historia universal, certo é que a composición da *Estoria de España* ficou máis próxima da súa finalización, dado que, polo que sabemos, os colaboradores do Rei Sabio lograron compilar o relato até finais do século XII, por volta da morte de Fernando II<sup>31</sup>. A pri-

27 Entre outros episodios seleccionados e incorporados á *Historia troyana*, destacan a fundación do primeiro emprazamento troiano por Dárdano, a primeira destrución de Troia en tempos de Laomedonte, o relato da argonáutica (a viaxe de Frixo e Hele, a conquista do vélaro de ouro etc.), as historias entrecruzadas de Xasón, Medea e Hipsípila, a infancia de Paris e os amores con Enone, o xuízo da mazá ou o feito de Aquiles. Polo que respecta aos *nostoi* (o retorno dos heroes gregos aos seus fogares tras a guerra), engádese o relato do exilio de Eneas en Cartago e no Lacio, así como o simbólico resarcimento dos seus descendentes, entre eles Bruto, fundadores vindeiros de Roma e Britania. As cinco interpolacións afonsinas integradas na *Historia troyana* foron estudadas en detalle en Pichel (2016: 56-100 e 2018).

28 BMP ms. 558 (BITAGAP manid 1558; BETA manid 1562). A última interpolación (a historia de Bruto) consérvase, parcialmente, nos últimos folios do ms. BNE 10146 (BETA manid 1399), o outro testemuño coñecido da *Historia troyana*. O texto das interpolacións pode lerse en Parker (1975) —sempre que se consulten á par as revisións de Lorenzo (1982)— e Pichel (2013: II; 2018: 96-100); e tamén está accesíbel no CGPA.

29 Rodríguez Porto (2012a: II, 750-783; 2012b); Pichel (2016: 101-151; 2018).

30 Esta e outras pasaxes similares foron estudadas en Pichel (2012b: § 16-20; 2016: 115-118). Como xa se indicou anteriormente (cf. *supra* n. 13), o ms. BNE 10237, unha copia parcial dunha versión preliminar de GE2, presenta a mesma configuración discursiva que o testemuño galego.

31 Para un panorama xeral da composición, transmisión e tradición textual da *Estoria de España* (BETA texid 10664), así como das súas versións e derivacións cronísticas, véxanse, entre outros moitos, Gómez Redondo (1998: 645-686), Fernández-Ordóñez (2000a, 2000b, 2002b), Hijano Villegas (2014, 2020a) ou Bautista (2020b).

meira redacción da obra —a *Versión primitiva*— foi elaborada entre 1270 e 1274, mais ficou inconclusa e o relato suspendido, dependendo da crítica, nalgún punto do longo intervalo que separa os reinados de Fernando I e Afonso VIII; unha interrupción talvez motivada pola necesidade de concentrar os esforzos do taller na composición da *General Estoria*<sup>32</sup>. Posteriormente, o retorno á crónica particular nos últimos anos do seu reinado (1282-1284) materializouse na concepción dunha segunda redacción —a *Versión crítica*— na cal o relato avanza, polo menos, até o último cuartel do século XII, incluíndo seccións de grande relevancia narrativa como os reinados de Fernando I, Sancho II ou Afonso VI, e execútase unha importante refundición do texto primitivo, tanto do punto de vista formal —como se verifica en certos retoques cronolóxicos, nunha marcada tendencia á abreviación ou na dislocación de capítulos e bloques narrativos completos— como ideolóxico, neste último caso, cunha notábel tendencia promonárquica<sup>33</sup>. Unha terceira redacción da crónica particular, a *Versión amplificada* ou *sanchina*, foi composta por volta de 1289 baixo a supervisión de Sancho IV<sup>34</sup>, baseada nunha reformulación retórica e ideolóxica da *Versión primitiva*, como se lembrará máis adiante.

A *Estoria de España* tivo unha enorme difusión, dentro e fóra da Coroa, superando o medio centenar de copias, para alén de múltiples refundicións, extractos, epítomes e ampliacións cronísticas ao longo de todo o medievo. A extraordinaria diversificación do texto, a miúdo subvertido ideoloxicamente, derivou no desenvolvemento dun novo subxénero literario —o das crónicas xerais— así como a proliferación de diferentes reelaboracións, desde a *Crónica de Castilla* (ca. 1300) até a *Crónica de España* editada en 1521 por Florián de Ocampo, pasando por outros textos debedores do material historiográfico afonsino, como a *Crónica de veinte reyes* ou a *Crónica abreviada* de don Juan Manuel (ca. 1320-1325). Precisamente, dous dos primeiros exemplos de reescritura do texto afonsino, a *Versión amplificada* de Sancho IV

32 Esta primeira redacción (BETA texid 1005) consérvase no códice afonsino  $E_1$  (RBME ms. Y.I.2; BETA manid 1006) e nos dous primeiros cadernos do ms.  $E_2$  (RBME ms. X.I.4; BETA manid 1007) compilado en tempos de Afonso XI (ca. 1340), chegando até a metade do reinado de Afonso II, nos inicios do séc. IX. Para a discutida cronoloxía da confección deste códice rexio e o seu contexto de produción, véxase Rodríguez Porto (2012c); cf. Fernández Fernández (2021). O texto principal da *Versión primitiva* pódese ler na edición de Menéndez Pidal (1955) e na edición dixital coordinada por Ward (2016), onde tamén se pode consultar a transcripción paleográfica dos principais testemuños desta versión.

33 Sobre a radicalización ideolóxica do modelo afonsino na segunda redacción da *Estoria de España* véxase Fernández-Ordóñez (2000b: 49-61). O único testemuño íntegro da *Versión crítica* (BETA texid 4477), o ms. Ss (Fundación Caja Duero ms. 40; BETA manid 3273), identificado nos anos 80, permitiu confirmar as conxecturas de Ramón Menéndez Pidal sobre a natureza do texto como representante dunha versión aínda afonsina datada nos últimos anos do seu reinado. Doutra parte, a *Crónica de 1404*, no tramo dos reis astur-galaico-leoneses até Ramiro I, conforma outra das fontes máis valiosas para coñecer o texto da *Versión crítica* (cf. *infra* n. 39 e 50). A edición, aínda parcial, da *Versión crítica* en Fernández-Ordóñez (1993) e Campa Gutiérrez (2009); véxase tamén Ward (2016) para a transcripción do importante testemuño Ss.

34 A *Versión amplificada* (BETA texid 10664) consérvase en varios tramos do mencionado códice rexio  $E_2$  (RBME ms. X.I.4; cf. *infra*), mais só para a historia entre Ramiro I e Fernando III. Para o relato anterior, só se conserva o testemuño indirecto da anteriormente coñecida como *Versión enmendada después de 1274* e da *Crónica carolingia* (ou *Crónica fragmentaria*) para o tramo dos primeiros reis asturianos (Bautista 2003, 2006). O texto da *Versión amplificada* en Menéndez Pidal (1955).

(1289) e a *Crónica de Castilla* (ca. 1300), ademais da *Crónica particular de San Fernando* (ca. 1295-1312), son os que con máis rapidez e intensidade se asimilaron no espazo cultural occidental, como demostran as diferentes versións, de orixe galega e portuguesa, que circularon desde as primeiras décadas do trescentos até os inicios do XV, quer como copias e traducións —íntegras ou parciais— autónomas, quer como corpus historiográfico esencial para a (re)elaboración ou copia de certas compilacións e refundicións de diferente calado e motivación, como é o caso da *Crónica de 1344* —e a súa *Refundição* ca. 1400—, da coñecida como *Crónica geral galega* ou da *Crónica de 1404*.

### 3.1. A recepción da *Versión amplificada sanchina*

Así pois, desde os inicios do trescentos até as primeiras décadas do século XV arribaron ás terras galego-portuguesas diversos materiais historiográficos (post)afonsinos, entre eles, a *Estoria de España*, a popular *Crónica de Castilla*<sup>35</sup> ou a *Crónica particular de San Fernando*<sup>36</sup>. Diferentes iniciativas de copia, tradución e compilación de todos estes materiais circularon primeiramente no seo dalgúns ambientes nobiliarios afincados no antigo marco transfronteirizo da diocese de Tui, mais tamén noutros núcleos señoriais, neste caso eclesiásticos, vinculados ás sés (arce)bispais compostelá e mindoniense<sup>37</sup>. A *Estoria de España* difundíuse principalmente a través da *Versión amplificada* sanchina e da refundición da *Crónica de Castilla*, mais tamén houbo un percorrido significativo da segunda redacción afonsina (a *Versión crítica*). Aínda que parece razoábel conxecturar a circulación —e talvez a tradución— do texto íntegro da *Estoria de España*, o certo é que todos os testemuños dos que hoxe temos noticia, mesmo de modo indirecto, só transmiten o relato dos reis astur-galaico-leoneses desde Ramiro I a Vermudo III de acordo coa *Versión amplificada*, ou ben —no caso da *Crónica de 1404*— a historia gótica e do reino asturleonés até Ramiro I con base na *Versión crítica*<sup>38</sup>. Canto ao relato dos monarcas casteláns desde Fernando I até a definitiva unión dos reinos en 1230, a fonte preferida e amplamente difundida foi a refundición da *Crónica de Castela*.

É ben significativo que o material historiográfico de preferencia importado e consumido polos diferentes núcleos occidentais de poder fose, preci-

35 Para a *Crónica de Castilla* (BETA texid 1129) remitimos aos traballos de Gómez Redondo (1999: 1230-1231), Campa Gutiérrez (2010) e Hijano Villegas (2012, 2014, 2020a). A edición do texto en Rochwert-Zuili (2010).

36 Para a *Crónica particular de San Fernando* (BETA texid 9790), véxanse principalmente Gómez Redondo (1999: 1238-1248), Fernández Gallardo (2009, 2010) e Hijano Villegas (2018, 2020b). O texto pode lerse na edición da *Primera Crónica General* de Menéndez Pidal (1955) e na recente edición dixital de Duxfield (2018), onde tamén se pode consultar a transcripción paleográfica dos principais testemuños da obra.

37 Talvez tamén a sé tudense, como se discutirá máis abaixo a raíz da proposta de Monteagudo (2019a). Canto á sé mindoniense, a súa vinculación coa produción historiográfica galega conxectúrase para a compilación da *Crónica de 1404* (cf. *infra* n. 50).

38 Para esta sección da *Crónica de 1404*, na cal se emprega como fonte principal a *Versión crítica* da *Estoria de España*, véxase Pérez Pascual (1990: I, 111-121), Catalán (1997: 103-106, 116-124, 206-240) e Bautista (2014b).

samente, o que menos pegada afonsina transmitía. Son coñecidas as innovacións ideolóxicas que, a través de múltiples glosas e amplificacións retóricas, reconfiguran a primitiva redacción afonsina da *Estoria de España*, agora subvertida ao servizo das urxencias sociopolíticas de Sancho IV tan só cinco anos despois da súa chegada ao trono, entre outras cuestións, o abandono da reivindicación neogoticista da monarquía castelá-leonesa ou a preferencia por unha praxe política baseada no pacto estamental<sup>39</sup>. A pegada da deriva ideolóxica inaugurada pola *Versión amplificada* alcanzou o discurso doutras obras inmediatamente posteriores, como a *Crónica de Castilla* e a *Crónica particular de San Fernando*. As elites señoriais —leigas e eclesiásticas— que durante as décadas iniciais do trescentos actuaron como detentores deste corpus historiográfico non debían ser alleas ao nesgo ideolóxico das versións que, non por acaso, recibiran ou encargaran copiar e traducir, nun período de particular crispación diplomática entre o debilitado e disputado poder rexio, a Igrexa e a alta nobreza levantadiza<sup>40</sup>. Un delicado contexto político herdado desde o conflito dinástico de 1282-1284 e agudizado tras o falecemento de Sancho IV (1295) na etapa de minoridade de Fernando IV (até 1301) debido, entre outras razóns, ás dificultades para lexitimar o matrimonio do seu pai con María de Molina e ao levantamento do seu tío, o infante Juan, quen reclamaba tamén o trono. Doutra parte, o clima de desafección entre os nobres galegos fronte á Coroa, representado en diferentes actuacións de rebeldía —en particular, no caso de Fernando Ruíz de Castro (cf. *infra*)—, así como o descontento da curia compostelá, poderían estar na base da sutil capitalización político-cultural dun discurso historiográfico, de clara orientación castelanista e señorializante, facilmente reinterpretábel como proclive aos intereses comúns fronte ao poder rexio.

39 Entre outros aspectos, o novo discurso sanchino da *Versión amplificada* non compartía a reivindicación neogoticista da monarquía castelá-leonesa —pola cal se facía entroncar a secuencia de monarcas astur-galaico-leoneses, da cal o propio Afonso é herdeiro directo, coa liñaxe dos godos—, en prol dunha visión castelanista favorábel aos lazos de natureza co territorio fronte á vinculación dinástica ou pertenza xenealóxica no que respecta aos dereitos ao *imperium* territorial, de tal modo que os artifices da *reconquista* terían sido os «naturaes da terra» (isto é, os españois), e non os reis godos e os seus herdeiros. Outra innovación fundamental —e necesaria na altura— do discurso sanchino avogaba pola promoción dun modelo de relacións políticas baseado no pacto cos estamentos, de tal modo que non se oculta o enaltecemento de nobres e prelados fronte á figura do rei. Véxase ao respecto Fernández-Ordóñez (2000b: 61-65) e Bautista (2003, 2006).

40 Na nosa opinión e sen ánimo de tratar por extenso aquí esta cuestión, o servilismo identificábel na elaboración das versións galegas —a diferenza do que, conforme a *Crónica de 1344*, ocorre na tradición portuguesa— da *Estoria de España* e da *Crónica de Castela* fronte aos seus modelos casteláns (Lorenzo 1999; 2002: 98-99) talvez non sexa tan casual como parece, froito dunha tradución mecánica e case literal, e acaso responda, no contexto político descrito, a unha estratexia consciente de asunción silenciosa —máis alá da inclusión de certas actualizacións localistas— do nesgo ideolóxico do texto que se estaba a trasladar, tanto no caso da versión sanchina da *Estoria* como no da súa principal derivación cronística.

### 3.2. O ms. BNE 8817 e a primeira compilación historiográfica

O códice 8817 da Biblioteca Nacional de España preserva o compendio historiográfico tradicionalmente coñecido como *Crónica geral galega*<sup>41</sup>, unha compilación organizada en dous volumes que, como mínimo, a partir do século XVII xa conformaban unha unidade codicolóxica<sup>42</sup>. O proceso de ensamblaxe deste facticio (ms. A; Fig. 3) ten a súa xénese en tempos de Fernando IV (ca. 1300-1312), momento en que debeu circular un ou máis exemplares da *Crónica de Castilla* nalgunhas das principais cortes señoriais instaladas no norte e no sur da diocese de Tui —isto é, as terras de Toroño e do Minho—, en especial os Lima-Batisela e os Riba de Vizela. Nestas coordenadas xurdirá nos inicios do trescentos o interese por copiar e traducir o relato dos monarcas casteláns —desde Fernando I a Fernando III— transmitido pola crónica postafonsina, que, máis alá da súa circulación autónoma (a *Crónica de Castela*), acabaría sendo aproveitada como base estrutural para a *Crónica de 1344* e como núcleo primixenio da referida *Crónica geral galega*. Neste último caso, o relato transmitido pola *Crónica de Castela* (A2b<sup>43</sup>; Fig. 2) completouse na altura, ademais, cun breve apéndice alusivo aos últimos anos do reinado de Fernando III e aos subseguintes até Sancho IV (sección A2d).

Porén, este primeiro núcleo narrativo (A2), localizado na segunda metade do códice BNE 8817 (ff. 91-229), foi completado pouco tempo despois, dentro do segundo cuartel do século XIV (ca. 1330-40<sup>44</sup>), con diferentes (para)textos e fontes

41 O texto foi editado por Lorenzo (1975-77) e é accesíbel desde o CGPA; para a sección do *Liber regum* tamén contamos coa edición de Catalán/Andrés (1870: 338-343). Sobre a orixe e composición do ms. BNE 8817 (BITAGAP manid 1066; cf. BITAGAP texid 1245) véxase Lorenzo (1975-77: I, xxxvii-xlvi) e Catalán (1992: 193-195); unha recapitulación en López Martínez-Morás (2007: 458-460), Lorenzo (2002: 97-99) e Corral Díaz/Pichel *et alii* (2020: 77-90). Existe copia parcial moderna deste facticio na Academia das Ciencias de Lisboa (Série Azul, ms. 1651; BITAGAP manid 1740). O termo *facticio* fai referencia a un códice creado a partir doutros manuscritos que nun momento dado se encadernaron formando unha unidade codicolóxica.

42 Véxase ao respecto Menéndez Pidal (1918: 150), Catalán (1959: 16-17; 1962: 316), Lorenzo (1975-77: I, xxvii-xxviii; 2002: 97). Entre finais do XV e comezos do XVI, o códice facticio formaba parte da biblioteca do VI condestábel de Castela, Juan Fernández de Velasco e Guzmán († 1613), conde de Haro e V duque de Frías (Fernández Pomar 1967: 107, nº 68), antes de ingresar a mediados do XVIII na Real Biblioteca de Madrid. Nesta mesma institución permanecería temporalmente o ms. A' (cf. *infra* n. 49), tras o seu paso polo salmantino Colegio Mayor de Cuenca, a cuxo fondo bibliográfico se incorporara procedente da biblioteca do diplomático e humanista Lorenzo Ramírez de Prado († 1658) (Lilao Franca/Castrillo González 1997-2002: II, 855-856).

43 Usamos a terminoloxía establecida por Miranda (2009a, 2010a, 2012) para facer referencia ás distintas seccións do ms. BNE 8817 (ms. A): A1 (ff. 1-88; BITAGAP cnum 1841), A2a (ff. 89-91; BITAGAP cnum 1840), A2b (ff. 92-229; BITAGAP cnum 1934), A2c (ff. 230-265; BITAGAP cnum 1935) e A2d (ff. 229 e 265; BITAGAP cnum 1934).

44 No que respecta á sección A1 do facticio, a análise lingüística do texto (Álvarez/Xove 1998; Monteagudo 2019b: 370-377; cf. Morais-Barbosa 1958, 1960) encaixa coa datación proposta polo editor da obra (Lorenzo 1975-77), quen propón unha cronoloxía contemporánea á confección de A2 (ca. 1300-12). Porén, os elementos que apuntan a este arco limitado aos primeiros anos do trescentos (cf. Souto Cabo 1993: 541, n. 31), máis alá de que poderían igualmente operar, aínda que de modo máis esporádico, nas décadas inmediatamente posteriores, ben poderían adscribirse tamén ao antiígrafo, xa traducido, do cal se copiaría A1 (isto é, o prototipo 'a', conxecturado por Catalán; cf. *infra* n. 63). Por outra parte, tanto o trazado da letra —un pouco máis cursiva do que en A2—, como o contexto codicolóxico do antecedente castelán do cal procede —o ms. rexio E<sub>2</sub>(orig) emendado (cf. *infra* n. 45)— e, como se verá, o contexto político-cultural onde parece encaixar a súa elaboración, convidan a situar a copia de A1 ca. 1330-40 (Rodríguez Porto 2012: II, 58, 785; Pichel 2017b: 118-119), unha datación similar á proposta por Catalán na súa *Silva textual* (1997: 293), entre a segunda e




Fig. 2. *Crónica de Castela* integrada como sección A2b da *Crónica geral galega*.  
(© Biblioteca Nacional de España, ms. 8817, f. 93r).

que ampliaban, por un lado, o relato neogótico precedente, e por outro, as noticias dos reinados tras Fernando III até Fernando IV. No primeiro caso, incorpórase a historia dos reis galaico-leoneses desde Ramiro I até Vermudo III a partir dunha tradución parcial (sección A1) da versión sanchina da *Estoria de España* (a *Versión amplificada*)<sup>45</sup>.

a terceira década do século XIV. Canto ao *modus operandi* tradutivo de A1 fronte ao seu modelo castelán, véxase Bello Rivas (1995, 1998, 1999).

45 Como se sabe, as versións galego-portuguesas da *Versión amplificada sanchina* —tanto a representada pola sección A1 do ms. BNE 8817 e as súas copias ca. 1390-1430, como a utilizada polo Conde Barcelos na súa *Crónica de 1344* e despois na *Refundião* de ca. 1400— teñen a súa orixe no testemuño rexio  $E_2$  (RBME ms. X.I.4; BETA cnum 12425; Fig. 3), mais non no seu estado actual, senón antes de que, por volta de 1340 e baixo a supervisión de Afonso XI, se ensamblase o códice rexio de Sancho IV (1289) ao material afonsino preexistente (os dous últimos cadernos de  $E_1$ ) e se completase con outros segmentos narrativos (Catalán 1962: 32-87; 1997: 485-486; Fernández-Ordóñez 2000a: 234-238, 243-244; 2002b: 56-63). O modelo exportado ao Occidente peninsular sería, por tanto, a versión orixinal non intervida en tempos de Afonso XI — $E_1$ (orig), de acordo coa nomenclatura establecida por Catalán—, despois desmembrada nas seccións  $E_2c$  (ff. 23-79 e 82-198) e  $E_2d$  (ff. 257-320) do ms. RBME X.I.4. De igual modo que a súa descendencia galego-portuguesa, esta versión rexia da crónica sanchina iniciaba o relato no reinado de Ramiro I, pois para a materia anterior xa se proxectara empalmar coa redacción primitiva transmitida polo códice afonsino  $E_1$ , que chegaba até o final de Afonso II (esta circunstancia non foi tomada en consideración por Monteagudo 1995, para quen a ausencia da materia anterior a Ramiro I na tradución galega da *Estoria de España* sería deliberada e estaría relacionada co antagonismo das dúas visións historiográficas en confronto, a compostelá e a castelá, sobre a reivindicación xacobeá; cf. Lorenzo 2013). A utilización de  $E_1$ (orig) como modelo das versións occidentais é indubidábel, ademais, tendo en conta que todas elas reflicten a incorporación das emendas e adicións apuntadas por un ou máis correctores coetáneos nas seccións sanchinas do códice escorialense —isto é, a instancia textual  $E_1$ (orig)-corr— (Catalán 1962: 54-55 e 318-322; 1997: 288-292; cf. Lorenzo 1975-77: I,



Por outro lado, prolóngase o relato sobre Fernando III após o falecemento de Afonso IX (sección A2c), a partir da narración da *Crónica particular de San Fernando*<sup>46</sup>, tras o cal se reescribe a citada sección A2d coas noticias actualizadoras dos reinados sucesivos até os tempos de Fernando IV<sup>47</sup>. Por último, complétase o inicio da *Crónica de Castela (A2b)*, a modo de prólogo (sección A2a), co relato esquemático, baseado no *Liber regum*<sup>48</sup>, da historia gótica e do asentamento da monarquía castelá<sup>49</sup>.

---

xxxix-xli). É interesante apuntar, ademais, que o ms. Xx (BNE ms. 7583; BETA manid 1024; Bautista 2006) e o perdido ms. \*Gran (Catalán 1997: 293-294) presentan esta mesma orixe textual.

46 É factíbel que a tradución da *Crónica particular de San Fernando* (BITAGAP texid 9418; BETA texid 9790) poida estar relacionada cos materiais que completaban a versión sanchina da *Estoria de España* ensamblados no facticio rexio *E<sub>2</sub>*, en particular a sección *E<sub>2</sub>f* (ff. 321-359; BETA cnum 13272).

47 Esta sección (A2d), orixinariamente copiada no f. 229rb-229vb, foi apagada para poder continuar a seguir o relato de Fernando III a partir da *Crónica particular de San Fernando*. Porén, o compilador decidiu non prescindir igualmente dese apéndice actualizador sobre os últimos anos do reinado de Fernando III até Fernando IV e copiouna tras A2c, no f. 265. Sobre a reescrita da sección A2d véxase Lorenzo (1975-77: I, xlii) e Miranda (2012).

48 En particular, na versión toledana elaborada por volta de 1219 con base na versión orixinal navarra rematada ca. 1205. Sobre a difusión do *Liber regum* (BETA texid 1145) no Occidente peninsular, primeiramente no *Livro de Linhagens* de don Pedro Barcelos, véxase Cintra (1950), Catalán (1995: 533) e os traballos de Bautista (2010, 2013, 2020a).

49 Os materiais transmitidos polo facticio BNE 8817 foron reaproveitados entre finais do XIV e primeiras décadas do XV. Da tradución da *Versión amplificada* sanchina fixéronse varias copias, mais só unha delas se conserva de maneira autónoma: trátase do ms. A' (BGHUsal ms. 2497; BITAGAP manid 1496; BETA manid 1923), elaborado ca. 1390-1420 con base nun testemuño perdido intermedio (\*Ax) entre A e A', e do cal se fixo unha retradución castelá (ms. Ae; BNE ms 643; BETA manid 1022) a finais do século XV (Lorenzo 1975-77: I, xlvii-lviii; Catalán 1995: 529-532, 1997: 239-240). As demais copias da *Estoria de España* e da *Crónica de Castela* —así como tamén dos paratextos incorporados a A2b— consérvanse na anónima *Crónica de 1404* (BITAGAP texid 1309; BETA texid 1138), unha compilación xeral con vontade universalista na cal se ensaia un relato do mundo desde a súa creación até o reinado de Henrique III (1390-1406) e da cal se conservan dous testemuños galegos, V —ca. 1430 (HSA ms. B2278; BITAGAP manid 1509; BETA manid 3267)— e S —ca. 1400-10 (BMP ms. 62; BITAGAP manid 1561)—, ademais dunha retradución castelá da primeira metade do século XV (RBME ms. X.I.8; BETA manid 1293). Desde os estudos de Catalán, o contexto de produción da *Crónica de 1404* vincúlase, con acerto, á diocese mindoniense (Catalán 1992: 185-196; 1997: 236-240; Bautista 2010: § 35-38), talvez na órbita señorial dos Enríquez de Castro (Pichel 2017b: 138-139; 2018; Mariño Paz 2018: 112). Véxase unha recapitulación recente e bibliografía sobre a composición e orixe textual, o contexto de produción e a discusión sobre a tradición manuscrita en Corral Díaz/Pichel *et alii* (2020: 91-99) e Pichel (2021d), aínda que continúan sendo fundamentais os traballos de Pérez Pascual (1990, 1991a, 1991b, 1993, 2002, 1994). O texto da *Crónica de 1404* foi editado por Pérez Pascual (1990: II, 4-342), salvo nos bloques narrativos transmitidos polo ms. BNE 8817 (Lorenzo 1975-77), e tamén por Catalán / Andrés (1970: 239-286) no que respecta á sección do *Liber regum*. Canto ás copias tardías da *Estoria de España*, o texto de A' só era coñecido até agora a través do aparato crítico de variantes da edición de Lorenzo (1975-77) e —neste caso tamén para Ae— das citacións incluídas nos traballos de Catalán (1992: 335, 1997: 484). Actualmente continúa en curso a transcripción paleográfica de todos estes testemuños (A', Ae, V, S e E), no marco dos proxectos PTGM e HERES, que será accesíbel no portal EGPA-lit.




Fig. 3. Composición e contidos dos mss. RBME X.I.4 [E2] (arriba<sup>50</sup>) e BNE 8817 [A] (abaixo).

### 3.3. Ideoloxía e mecenado. O patrocinio transfronteirizo

Como xa se adiantou, toda esta actividade cronística emprendida desde comezos do século XIV poderá asociarse a diferentes iniciativas político-culturais nas cales, en boa medida, estarían involucrados algúns membros da corte señorial dos Lima-Batisela —coñecidos polo alcume dos *Pancenteo*<sup>51</sup>—, principais herdeiros do capital liñaxístico e cultural dos poderosos Traba<sup>52</sup>. Falamos, en particular, do magnate Fernán Fernández de Lima II<sup>53</sup> (fl. 1261-1312) e do seu primoxénito Xoán Fernández

50 O diagrama superior é unha adaptación do esquema elaborado para o proxecto de «Estoria de Espanna Digital» dirixido por Aengus Ward (<https://blog.bham.ac.uk/estoriadigital/sobre-esta-edicion/>).

51 Un alcume probablemente vinculado á súa procedencia xeográfica orixinaria no Baixo Miño (oriúndos, talvez, do actual Pancenteo, no concello do Rosal), ben coñecido na altura, como revelan os nobiliarios portugueses ou as crónicas castelás, como a *Crónica de Alfonso XI* (cf. *infra* n. 59).

52 Con eles emparentan desde a segunda metade do século XII. O primeiro Batisela, Fernando Airas (fl. 1147-1196), era un dos fillos de Airas Calvo, avó do trobador Osoiro Eanes (Souto Cabo 2012: 81-123), de onde parte a xeración dos Lima. O casamento de Teresa Bermúdez (1153-1219, filla de Bermudo Pérez e Urraca Henriques, irmá de Afonso Henriques) e de Urraca Fernández (1165-1199) —sobriña e filla, respectivamente, de Fernando Pérez de Traba— con dous irmáns da estirpe dos Lima, Fernando Airas (Batisela) e Joan Airas (Nóvoa), fillos de Airas Calvo, dá unha idea clara do prestixio acadado por esta familia, tradicionalmente considerada como un ramo menor dos Traba (cf. Pardo de Guevara y Valdés 2001: 68, n. 11; 2012: 366, n. 11). Para o vínculo familiar e sociopolítico dos primeiros Batisela cos Traba e con Afonso IX, así como a súa estreita afinidade con algúns dos primeiros trobadores galegos (como Osoiro Eanes, Joan Lopez de Ulhoa, Fernan Paez de Tamallancos, Pedro Paez Bazaco ou Joan Soarez Somesso) remitimos aos traballos de García Álvarez (1966), Monteagudo (2008: 137-138, 321-332), Pardo de Guevara y Valdés (2011), Sottomayor-Pizarro (2011, 2015), Souto Cabo (2012: 79-161, 234-235, 245-249) e Ferreira (2019: 195-197, 341, 511-513, 524-530).

53 Descendente de Fernán Eanes de Lima I, fillo de Xoán Fernández de Lima I e da súa primeira muller, Berengária Afonso de Baião, e neto do primeiro Batisela Fernando Airas. A presenza de Fernán Fernández de Lima II en Portugal rexístrase desde 1261, como testemuña da demarcación do couto de Portel. A súa dilixente xestión como tenente das terras de Toroño e Lima documéntase a cabalo das dúas centurias. A partir de 1278 sitúase en Castela, xunto ao seu irmán Xoán Fernández, como ricome de Afonso X, condición que conservou durante o reinado de Sancho IV —para quen traspararía a súa lealdade unha vez falecido o Rei Sabio— e até o final do de Fernando IV (1312), altura en que se terá retirado da vida pública e, probabel-

de Lima III<sup>54</sup> (fl. 1288-1316) —este último probábel comitente da copia galega do *Livro de Tristam*<sup>55</sup>—, que poderían ter propiciado nun primeiro momento a circulación, copia e/ou tradución do primitivo conxunto historiográfico constituído principalmente pola *Crónica de Castela (A2b)*. A significativa relación destes dous últimos elos dos «Lima antigos» coas cortes rexias castelá e portuguesa<sup>56</sup>, así como os vínculos familiares e culturais, máis alá dos Traba, con algunhas das liñaxes galego-portuguesas máis prestixiosas na altura —como os Soverosa, os Aboim-Portel, os Castro ou os Riba de Vizela<sup>57</sup> (cf. *infra*)— poderían ter coadxuvado na adquisición e difusión, a varios niveis, dos materiais historiográficos necesarios para emprender as diferentes empresas cronísticas que hoxe coñecemos.

Ora ben, na xustaposición desta narrativa cos outros (para)textos —así como na propia copia e tradución deses materiais— que acabarían dando lugar ao relato extenso da denominada *Crónica geral galega*, así como nas diferentes iniciativas de copia e/ou tradución hoxe representadas polo ms. BNE 8817, deberon estar involucrados outros espazos e axentes culturais, aínda que igualmente vinculados, polo menos en parte, á mesma corte señorial limense. En efecto, tanto a incorporación da *Estoria de España (A1)* como o breve texto introdutorio (*A2a*) que actúa como gonzo entre a relato dos reis astur-galaico-leoneses e a historia dos monarcas casteláns parecen representar unha iniciativa vinculada á sé compostelá baixo o auspicio

---

mente, falecería, pois xa non é referido na corte de Afonso XI (Sottomayor-Pizarro 2011: 66; Ferreira 2019: 567).

54 Joán Fernández de Lima III é fillo nado do primeiro matrimonio con Sancha Vázquez de Soverosa. Destas primeiras nupcias naceu tamén Rui Fernández de Lima III, continuador da liñaxe e representante inaugural do novo ramo dos Lima desenvolvido na segunda metade do século XIV, cuxa derivación acabará sendo exclusivamente portuguesa a partir de finais desta centuria (cf. *infra* n. 67). Do segundo matrimonio de Fernán Fernández con María Fernandes de Gondiaes, surxiu unha descendencia de orientación principalmente eclesiástica, na cal salienta Joán Fernández de Lima IV, arcebispo de Compostela entre 1330 e 1338 (cf. *infra*), ademais de Álvaro Fernández de Lima (cóengo de Santiago) e Gil Fernández de Lima II (Ferreira 2019: 594-595).

55 Para a vinculación de Joán Fernández de Lima coa tradución do *Livro de Tristam* véxase Pichel/Varela Barreiro (2017: 182-190), Mariño Paz (2018: 109) e Corral Díaz/Pichel *et alii* (2020: 48-51).

56 Así o demostran as subscricións, en calidade de rícomes, na documentación do último terzo do século XIII e comezos do XIV: Fernán Fernández subscribe diplomas desde 1278 na corte afonsina, ao paso que o seu primoxénito actúa como confirmante da corte de D. Dinis até finais do século XIII (1288-1300), e desde comezos do trescentos subscribe en terras galegas como rícome de Fernando IV até 1310.

57 A vinculación cos Soverosa e cos Riba de Vizela é manifesta, unha vez que Sancha Vázquez, primeira muller de Fernán Fernández de Lima II, é filla do trobador Vaasco Gil de Soverosa e de Fruille Fernandes de Riba de Vizela. O primoxénito de Sancha e Fernán, Joán Fernández de Lima III, sería sepultado no mosteiro bieito de Santa María de Pombeiro de Riba de Vizela (concello de Felgueiras), do cal sería o seu padroiro, ao lado da arca tumular do primeiro conde de Barcelos, fillo de Teresa Martins de Soverosa e neto de Martim Gil de Soverosa (medio irmán do citado trobador) e mais de Inés Fernández de Castro (sobre o vínculo entre os Castro e os Riba de Vizela, cf. *infra*). Canto á liñaxe dos Aboim-Portel, o citado Joán Fernández casa con María Eanes, filla do trobador e reputado valido de Afonso III, João Peres de Aboim (fl. 1215-1285). Un repaso destas conexións familiares asociadas á produción literaria transfronteiriça nas primeiras décadas do trescentos, así como as referencias bibliográficas correspondentes —ás cales cómpre engadir, polo menos, os ensaios de Calderón Medina (2018), Ferreira (2019) e García-Fernández (2021)— pode lerse en Pichel/Varela Barreiro (2017: 197-200).

de Joán Fernández de Lima IV<sup>58</sup> (Fig. 4<sup>59</sup>), arcebispo de Santiago entre 1331 e 1338, moi probablemente coa intención, entre outras querenzas, de lle conferir maior visibilidade á lexitimación do discutido privilexio do Voto de Santiago<sup>60</sup>.




Fig. 4. Fragmento da *Crónica de Alfonso XI* onde se menciona o arcebispo compostelán. (© Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, ms. Y.II.10, ff. 90v-91r).

58 Seguindo Sottomayor-Pizarro (2011, 2015) e Ferreira (2019: 595), é fillo de Fernán Fernández de Lima II coa súa segunda muller Maria Fernandes de Gondiaes, dos que tamén nacería outro cóengo compostelán, Álvaro Fernández de Lima, como xa foi indicado. Sobre o arcebispo Lima e o seu contexto familiar, os traballos de Pardo de Guevara y Valdés (2001: 67-70; 2012: 366-369) deben actualizarse cos de Sottomayor-Pizarro (2011: 69-70; 2015: 33-35); véxase tamén Linehan (1993: 578-579, 592, 601). A significativa familiaridade coa que se menciona o alcume e a procedencia liñaxística da familia na inconclusa versión orixinal da *Crónica de Alfonso XI*, impulsada polo propio Afonso XI e talvez proxeitada polo seu chanceler Fernán Sánchez de Valladolid («Et aquel arzobispo de Santiago que llamavan don Joán de Limia de los Batasella et Pandecenteno»; cf. *infra* Fig. 4 e n. 60), dá unha idea da proximidade deste núcleo señorial ao poder rexio e ao seu universo cronístico e aparato propagandístico desde finais do reinado de Fernando IV e durante o de Afonso XI (1312-1350). Neste sentido, non é descartábel que a chegada e circulación da *Estoria de España* sanchina, entre outros materiais, por terras galegas poida estar relacionada co protagonismo do arcebispo limense no contexto da coroación en Burgos de Afonso XI (1331), na que el é oficiante.

59 Reprodúcese a versión vulgata da *Crónica de Alfonso XI* —baseada na inconclusa versión que Fernán Sánchez de Valladolid deixaría interrompida en 1344— preservada no manuscrito rexio trasladado en 1376 por encargo de Henrique II a cargo do seu xustiza maior Juan Núñez de Villazán. Nel pode lerse, no capítulo dedicado á coroación do rei no mosteiro das Huelgas en Burgos (1331), a secuencia da celebración da misa oficiada polo arcebispo compostelán: «Et era allí el arzobispo de santiago don iohan de limia. et el obispo de burgos et el obispo de palencia et el obispo de calahorra et el obispo demendonado et el obispo de Jahan. Et aquel arzobispo de sanctiago que lla<sup>m</sup>auan don Johan de limia delos batasella et pandecenteno dixo la missa. et offiçaron la missa las monjas del monesterio» (transcripción paleográfica a partir do ms. RBME Y.II.10, f. 90vb<sup>25-29</sup>-91ra<sup>1-4</sup>; cf. Cerdá y Rico 1787: 188). Na reelaboración posterior do texto feita pouco despois —a denominada *Gran Crónica de Alfonso XI*— non se inclúe a alusión da procedencia liñaxística (Batisela) nin do alcume da familia (Pancenteo): «Y era allí el arzobispo de Santiago que llamauan don Joan de Limia e dixo la misa» (cf. Catalán 1977: I, 509).

60 Tanto no caso do relato da *Estoria de España* sanchina como no prólogo baseado no *Liber regum* que antecede a *Crónica de Castela*, selecciónanse e acrecéntanse mencións explícitas ao privilexio do Voto de Santiago a través, entre outros asuntos, do relato da concesión do referido imposto por parte de Ramiro I tras a intercesión do Apóstolo na batalla de Clavijo. A asociación do arcebispo Joán Fernández de Lima IV na conformación do ms. BNE 8817 xa fora formulada por Rodríguez Porto (2012a: II, 58, 785) e revisada por Pichel/Varela Barreiro (2017: 199, n. 101) e Pichel (2017b: 118-119).

A conexión compostelá xa fora posta de relevo por Bautista (2010: § 35-37), seguindo Catalán, no que respecta aos materiais historiográficos necesarios para a elaboración dos diferentes conxuntos cronísticos hoxe coñecidos. Nese sentido, tamén se ten explorado a implicación doutros representantes do alto clero galego na tradución e compilación destes materiais, como o arcebispo compostelán Rodrigo de Padrón (1307-1316) ou o bispo de Tui Xoán Fernández de Soutomaior I (1286-1323), posíbeis co-patrocinadores, de acordo con Monteagudo (1995, 2019a: 947-948), da *Crónica geral galega*. Pola nosa parte, non concordamos coa hipótese dun padroádego exclusivamente eclesiástico para todo o conxunto cronístico coñecido a través do ms BNE 8817, pois, polo menos, a difusión inaugural do núcleo primixenio representado pola *Crónica de Castela (A2b)*—ou acaso unha primeira tradución da *Estoria de España* antecedente de *A1* (cf. *infra* n. 63)— parece responder máis ben a intereses nobiliarios por parte dun medio señorial laico con estreitas conexións, no só coa corte rexia, mais tamén cos grandes núcleos de poder señorial na área transfronteiriza, caso da influente liñaxe dos Aboim-Portel, os Castro ou os fidalgos de Riba de Vizela (cf. *infra*). De acordo con isto, e tomando en consideración outros indicios<sup>61</sup>, os dous últimos representantes dos Batisela tradicionais—Fernán Fernández Lima II e o seu fillo Xoán Fernández Lima III<sup>62</sup>— parecen reunir as mellores condicións en termos de patrocinio político-cultural desa primeira empresa historiográfica galega hoxe testemuñada no facticio madrileño.

Ora ben, cómpre non esquecer que este códice non debía representar na altura a única iniciativa galega de asimilación dos materiais cronísticos importados; lembremos, neste sentido, a necesaria circulación dos prototipos  $*\alpha_1$  e  $*\alpha_2$ —antecedentes de *A1*<sup>63</sup> e *A2*, respectivamente— e que estarían tamén na base da primeira

61 Para alén dos vínculos políticos, culturais e familiares descritos, outras razóns de orde lingüística e referidas á historia externa do códice BNE 8817 parecen reforzar a hipótese da implicación dos Lima nas diferentes iniciativas historiográficas en foco. Por un lado, os trazos dialectais da tradución apuntan cara á área meridional tudense (Álvarez/Xove 1998; cf. Lorenzo 1975-77: I, xxviii-xxxvi; II, xliiii-xlvi; Monteagudo 2019b: 370-377). Doutra parte, a presenza do que parece ser unha nota de posesión no f. 89r da sección *A2a*—o que correspondería á cuberta inicial do volume *A2*— sitúa o códice da *Crónica de Castela* amplificada a finais do século XIV entre os bens patrimoniais de Fernán Eanes de Lima II, señor das terras de Lima e Soutomaior, e da súa muller dona Joana Vázquez das Seixas, casal encomendeiro documentado desde o último terzo do século XIV (Pichel 2017b: 120-123). Recoñecemos, con todo, que estes dous indicios poderían apuntar tamén, como veremos a seguir, á (co)participación do bispo de Tui Xoán Fernández de Soutomaior I.

62 Monteagudo (2019a: 950-951) tamén incide na importancia na corte dionisina tanto de Xoán Fernández de Lima III como de Martim Gil de Riba de Vizela II, mais sen chegar a asocialos co mecenado cronístico en cuestión.

63 Polo menos no que respecta á *Estoria de España*, máis alá dos testemuños correspondentes á tradición galega coñecida (*A*, *A'*,  $*Ax$ , *Ae* e as copias integradas na *Crónica de 1404*; cf. *infra*), debeu de existir, como mínimo, un outro estrato textual, máis próximo ao modelo castelán do cal se traduce  $-E_2c-$  e no cal se reproduce o mesmo esquema figurativo, representado polo ms. BMP 62 (BITAGAP manid 1561), tradicionalmente coñecido como o testemuño máis antigo da *Crónica de 1404 (S)* e no cal se proxectaron miniaturas ao comezo de cada reinado (véxase en Pichel 2021d unha primeira aproximación ao estudo textual e codicológico do ms. *S*, feito en colaboración con Rosa María Rodríguez Porto).

redacción da *Crónica de 1344*<sup>64</sup>. Porén, non é factíbel, cos datos que hoxe manexamos, distinguir cal(es) destas iniciativas inaugurais foron promovidas polos «Lima Antigos» mencionados, e cal(es) outra(s) puideron emprender, de ser o caso, outras instancias señoriais. Neste sentido, a proposta defendida por Monteagudo non deixa de ser suxestiva, en particular, polo que respecta ao perfil e influencia político-cultural deses dous persoeiros (Rodrigo de Padrón e Xoán Fernández de Soutomaio I), moi ben relacionados, tamén, coas cortes rexias de Fernando IV e D. Dinis<sup>65</sup>. No entanto, o que resulta máis significativo, ao noso entender, é a estreita relación dos descendentes do bispo tudense con Fernán Eanes de Lima II —o último representante do ramo galego dos Lima<sup>66</sup>—, quen, como xa vimos (n. 60), posuíu, xunto coa súa primeira muller, Joana Vázquez das Seixas, un dos volumes (A2) do facticio BNE 8817. Fernán Eanes, señor de Fornelos e Soutomaio, herdaría dous importantes núcleos patrimoniais ao longo das décadas 70 e 80 do século XIV. Por un lado, á morte do seu pai (posterior a 1380), accedería á posesión de todo o patrimonio familiar dos Lima<sup>67</sup>. Por outro, foi designado herdeiro en 1371 polo seu tío materno Xoán Fernández de Soutomaio II, tamén bispo de Tui (1351-1385), polo cal recibe unha parte importante dos bens desta

64 Véxase ao respecto Cintra (1951: I, cccxvii-cccxxx), Catalán/Andrés (1970: xliv-xlix), Catalán (1995: 526-529), Lorenzo (2002: 99). Con todo, téñase en conta que, de acordo con Ferreira (2005: 51-59, 757-759; 2010; 2012: § 16-30; 2019), os modelos empregados por don Pedro Afonso non terían por que estar mediatizados pola tradición galega e, por tanto, poderían proceder directamente da corte rexia castelá.

65 Para o compostelán Rodrigo de Padrón véxase López Ferreiro (1902: V, 278-346) e a recapitulación de Monteagudo (1995: 45-50). Para o Soutomaio, é especialmente interesante a información proporcionada por Sottomayor-Pizarro (2012: 146-147, 226); véxase tamén Vila (2010: 41-52, 246-249).

66 As conexións familiares entre os Lima e os Soutomaio remóntanse, polo menos, á xeración de Xoán Fernández de Lima I (primoxénito de Fernando Arias Batisela e avó de Fernán Fernández de Lima II), cuxo irmán menor Gil Fernández de Lima casa con Elvira Pais de Soutomaio. Para o percurso vital de Fernán Eanes de Lima II en terras galegas, os datos fornecidos por Pardo de Guevara y Valdés (2011, 2012) e Sottomayor-Pizarro (2011, 2015) deben completarse con información relativa ao seu primeiro matrimonio e á actividade encomendeira deste casal (véxanse as referencias precisas en Pichel 2017b: 122, n. II e 123-134). As circunstancias adversas para a promoción social e económica —en gran medida agravadas polas intervencións de Henrique III contra o casal polos danos e prexuízos ocasionados en diferentes lugares e coutos dos mosteiros lugueses de San Salvador de Chantada e Santo Estevo de Chouzán—, unidas ao conflito avivado entre Castela e Portugal nos últimos anos do século XIV, deberon propiciar a definitiva migración de Fernán Eanes cara ao reino portugués, onde se instala en terras alto-minhotas e casa en segundas nupcias con Teresa Gomes da Silva. Alí toma partido polo monarca luso e participa en 1398 na conquista de Tui e no cerco de Salvaterra, servizos polos cales Xoão I lle concede unha serie de importantes doazóns, entre elas a torre de Giela e a terra de Valdevez con todas as súas xurisdicións; unhas cesións que, ao fin e ao cabo, viñan compensar a perda de todos os bens acumulados na familia que lle foran confiscados en Galicia por Henrique III, agravado pola súa lealdade ao rei portugués. Precisamente, no contexto desta incautación debeu xestionarse o traspaso forzado, por parte da Coroa, dos bens patrimoniais dos Lima-Seixas para outras mans dentro da Casa de Lemos. Véxase ao respecto unha recapitulación en Pichel (2017b: 134-139).

67 Xoán Fernández de Lima III, primoxénito de Fernán Fernández, morrera sen descendencia, polo cal os seus bens pasarían como herdanza ao seu irmán Rui Fernández, casado con María Afonso Churruchao, conectando, así, a liñaxe tradicional dos Lima (Batisela) cos novos descendentes (os «Lima Modernos»), activos na segunda metade do trescentos. Unha boa parte dos bens de Rui Fernández acabarían chegando finalmente ao seu neto, Fernán Eanes, herdados a través do seu pai, Álvaro Fernández de Lima I —casado con Inés Fernández de Soutomaio e segundoxénito de Rui Fernández—. Este último fora o destacado petrista responsábel da reaproximación da familia a Portugal no marco do tenso conflito propiciado pola guerra civil entre Pedro I e o futuro Henrique II e a loita polos dereitos da Coroa tras o rexicidio e a instauración da nova dinastía trastámara (Sottomayor-Pizarro 2015: 32-33, 35-36, 40-41).

influyente casa señorial<sup>68</sup>. Así pois, en calquera dos dous casos, sería factíbel presupor a incorporación ao patrimonio dos Lima-Seixas das vellas crónicas recreadas a comezos de século.

Polo que respecta ao reino portugués, a difusión de todos estes materiais non debeu ser allea á promoción doutras empresas cronísticas e liñaxísticas, mais tamén romancescas, xurídicas ou científicas, impulsadas desde a corte rexia de D. Dinis<sup>69</sup> e por algúns dos núcleos señoriais máis influentes durante as primeiras décadas do trescentos e xa desde finais do século XIII, prolongando o labor cultural impulsado na corte de Afonso III. No ámbito historiográfico, máis alá da probábel lectura e tradución da *General Estoria* na súa corte (cf. *supra* § 2.1), D. Dinis promovería a tradución integral do *Livro de Rasis*, comisionada por Pero Eanes de Aboim, segundo señor de Portel —e cuñado de João Fernández de Lima III— entre os anos 1287 e 1315, e na cal xa participaría o seu pai, João Peres de Aboim, a partir de 1263<sup>70</sup>. Poucos anos máis tarde, o *Livro velho de linhagens*<sup>71</sup> sería promovido, na súa primeira redacción, por Gil Martins, antigo mordomo maior de Afonso III e avó do segundo Conde de Barcelos, Martim Gil de Riba de Vizela II (cf. *infra*). Pola súa parte, a corte dionisina manifestou tamén o seu interese, no campo da literatura ficcional, polo ciclo artúrico<sup>72</sup>, reflectido na tradución do *Livro de Merlim* (ca. 1300-10) e tamén, con bastante probabilidade, na difusión da materia tristaniana, hoxe só coñecida a través do fragmento galego do *Livro de Tristam* (ca. 1300-40). Polo que respecta á prosa xurídica, a circulación e asimilación das *Partidas* en Portugal testemuñase desde finais do século

68 A importante doazón, realizada en Milmanda en xaneiro de 1371, consistía principalmente nunha serie de señoríos coas súas fortalezas (como as de Soutomaior, Fornelos e Crecente), que representaban en gran medida o núcleo primitivo daquela antiga e destacada estirpe galega. Dous días antes desta doazón, o Soutomaior outorgara testamento en favor de Fernán Eanes como herdeiro, ficando como executores testamentarios o seu pai Álvaro Rodríguez, o seu tío João de Castro (bispo de Tui) e a irmá do testador. Para o alcance da doazón e as insólitas circunstancias que motivaron a transmisión dos bens do Soutomaior ao seu sobriño Fernán Eanes, véxase Sottomayor-Pizarro (2015: 40-42).

69 Catalán mesmo non descartaba a posibilidade de que fose o propio D. Dinis quen encargase a versión galego-portuguesa da *Crónica de Castela* (Catalán/Andrés 1970: xlix). Un panorama xeral da produción cultural de D. Dinis en Osório (1993) ou Pizarro (2012: 319-223), entre outros. Deixamos fóra deste rápido balance —centrado nas obras en prosa— a produción e mecenado de D. Dinis no ámbito da lírica trobadoresca (unha discusión recente sobre o seu contributo á «Compilación xeral» representado no *Livro das Cantigas* do Conde de Barcelos en Monteagudo 2019a; cf. *infra* n. 107).

70 En relación co mecenado e as fases de tradución do perdido *Livro de Rasis* ou *Crónica do Mouro Rasis* (BITAGAP texid 7245), do cal só se conserva a súa tradución castelá (Catalán/Andrés 1970), véxase Rei (2010) e Ferreira (2012: § 12). Lembremos, ademais, que no seo deste *scriptorium* familiar tamén se elaboraría o importante cartulario coñecido como *Livro dos bens de D. João de Portel* (BITAGAP texid 5975; Azevedo 1906-10).

71 Sobre a xénese e mecenado do *Livro velho de linhagens* (BITAGAP texid 1171), cuxa datación oscila entre a proposta máis recuada (ca. 1270) e a penúltima década do XIII (ca. 1286-90) de acordo coas dúas fases de redacción da obra, véxase Piel/Mattoso (1980), Mattoso (1999), Miranda (2010b, 2012) e Ferreira (2012: § 13).

72 Véxase Ailenii (2019) para un panorama actualizado da recepción occidental do romance arturiano a través dos primeiros testemuños coñecidos da tradución galego-portuguesa. Véxanse tamén os traballos de Lorenzo Gradín / Souto Cabo *et alii* (2001), Pichel/Varela Barreiro (2017) e Lorenzo Gradín/Pedro (2017) para o *Livro de Merlim* (BITAGAP texid 1398) e o *Livro de Tristam* (BITAGAP texid 1483).

XIII e durante a primeira década do trescentos na órbita curialesca dionisina<sup>73</sup>. Canto á tradución do texto, os primeiros vestixios coñecidos datan de mediados do XIV<sup>74</sup>; porén, existen indicios documentais e lingüísticos que permiten situar as primeiras iniciativas de tradución no primeiro cuartel da centuria e, probabelmente, por iniciativa de D. Dinis<sup>75</sup>. Para alén das *Partidas*, tamén se traduciron nesta época o *Fuero Real* e as *Flores de Derecho*, coincidindo, en parte, cos primeiros anos do seu reinado, se ben non hai evidencias directas de que se tratase dunha iniciativa impulsada polo monarca<sup>76</sup>. Por último, no ámbito científico, D. Dinis encargou en 1318 ao seu físico, o Mestre Giraldo, o coñecido *Livro de Alveitaria*, unha compilación de hipiatría baseada na *Mulomedicina* do dominico Teodorico Borgognoni e no *De medicina equorum* do mariscal calabrés Giordano Ruffo<sup>77</sup>.

Atendendo a este contexto tan proclive á asimilación e tradución de produtos culturais foráneos, propiciado polo neto, tamén trovador, do Rei Sabio, a *Crónica de Castilla* podería ter circulado tamén desde moi cedo na corte nobiliaria dos Riba de Vizela, en particular, na do xa mencionado II conde de Barcelos, Martim Gil de Riba de Vizela II (fl. 1260-1312), reputado fidalgo ao servizo da corte dionisina<sup>78</sup> e, de acordo con Miranda (2009a, 2010a, 2012), talvez promotor da tradución dalgunha das versións da *Crónica de Castela* que circularían na altura en medios galegos e portugueses<sup>79</sup>. Para alén da súa prestixiosa ascendencia acumulada por vía paterna —os

73 Así o demostra o emprego do texto en diferentes decisións lexislativas outorgadas polo monarca entre 1295 e 1309 (Domingues 2021: 105).

74 Trátase dos códices da *Terceira Partida* (ANTT, Leis e Ordenações, Núcleo Antigo 3; BITAGAP manid 1436), copiado en 1341, e, en época coetánea, o da *Primeira Partida* (BNP Alc. 463; BITAGAP manid 1132). Véxase Domingues (2021: 107-110) para a fecunda tradición manuscrita destes dous textos (BITAGAP texid 1132 e 1134).

75 Canto á *Terceira Partida*, Ferreira (1984: 116) considera un dos fragmentos conservados en Braga anterior a 1341 (Domingues 2021: 114). Polo que respecta á *Primeira Partida*, é bastante probábel que o seu antígrafo, importado desde a corte dionisina nas primeiras décadas do XIV, fose un modelo galego-portugués xa traducido en medios galegos (Ferreira 1980: xlix-lxii; cf. *infra* n. 168).

76 Os únicos testemuños portugueses coñecidos do *Fuero Real* (BITAGAP texid 1207) e das *Flores de Derecho* (BITAGAP texid 1100) foron copiados conxuntamente ca. 1273-1284 (BITAGAP cnum 1754 e 1755) —a partir dunha tradución orixinal elaborada por volta de 1267— nun códice facticio de finais do século XIII (ANTT FC/001/398; BITAGAP manid 1145) que contén textos legais relativos ao concello da Guarda (Ferreira 1987: 38-42, 1993; Ferreira 2012: § 14-15). Para a tradución galega destes dous códigos legais, elaborada a cabalo dos séculos XIII e XIV, véxase *infra* n. 109.

77 Sobre o texto e o único testemuño conservado, catrocentista, do *Livro de Alveitaria* (BITAGAP texid 1099, manid 1044) véxanse os traballos de Rio Riande (2010) e Pérez Barcala (2019, 2020). Para a tradución galega do *De medicina equorum*, véxase *infra* n. 107.

78 Na corte de D. Dinis, Martim Gil desempeñou o cargo de alférez maior do reino durante deza-sete anos, ademais de mordomo maior do infante herdeiro e terceiro Conde de Barcelos. Porén, a partir de 1312 viuse forzado ao exilio acusado polo rei de ser vasalo do monarca castelán. Véxase Sottomayor-Pizarro (1999: I, 552-555) para unha breve biografía deste magnate.

79 As motivacións aducidas por Miranda (2012) —e discutidas recentemente por Monteagudo (2019a: 948-949)— polas cales se identifica o II Conde de Barcelos como probábel promotor da versión da *Crónica de Castela* que hoxe coñecemos e dos seus paratextos parecen encaixar mellor se as aplicamos non ao ms. BNE 8817 (seccións A2c, A2b e A2d), mais a algún outro testemuño do texto que tivese circulado naquela altura na corte dos Riba de Vizela, quer chegado directamente desde a corte castelá, quer froito dunha versión xa traducida en medios galegos e relacionada co testemuño A2 integrado no ms. BNE 8817 (cf. *supra* n. 64). Paga a pena lembrar aquí a opaca referencia a unha perdida «coroniqua de Galliza» mencionada polo



Maia e os Sousa—, os fortes vínculos, por vía materna, de Martim Gil II cos Castro, dos que se torna directo representante da súa poderosa liñaxe en contexto portugués<sup>80</sup>, así como o interese dos Riba de Vizela pola memoria liñaxística reflectida, como xa se indicou, na composición do *Livro velho de linhagens*, poderían ter motivado a circulación —como vía de entrada ou de saída— de materiais historiográficos procedentes da corte castelá (a *Estoria de España*, a *Crónica de Castela* ou a redacción toledana do *Liber regum*). Con certeza, a eventual implicación dos fidalgos de Riba de Vizela na recepción e difusión da *Crónica de Castela* fai preludiar o enorme interese historiográfico que suscitarán este texto e mais a *Estoria de España* no círculo nobiliario do III conde de Barcelos, don Pedro Afonso, quen os empregará como fonte estrutural principal na súa *Crónica de 1344*<sup>81</sup>. Décadas despois, como xa foi dito, estes e outros materiais volverán reaparecer na *Crónica de 1404* e na *Refundição* de comezos do xv da crónica do conde don Pedro<sup>82</sup>.

En definitiva, de acordo co exposto nalgunha ocasión<sup>83</sup>, a estreita relación do núcleo señorial dos Lima-Batisela coas cortes rexias veciñas, mais tamén os seus vínculos familiares e culturais con algunhas das liñaxes máis prestixiosas da altura, tanto galegas (os Castro, os Soutomaior), como portuguesas (os Riba de Vizela, os Aboim-Portel), convida a pensarmos en termos de copatrocinio transfronteirizo no que respecta á circulación e difusión destes textos ao longo das primeiras décadas do trescentos. Non hai dúbida, porén, de que nesta trama de conexións político-culturais e familiares xogou tamén un papel decisivo a apropiación por parte da curia eclesiástica compostelá —e talvez tamén tudense— dun discurso con gran potencial propagandístico no que respecta ás reivindicacións do alto clero galego, en particular as de motivación xacobeá. Na conxunción de todos estes factores poderá entenderse o xurdimento e difusión aquí e alén Miño de todos estes materiais cronísticos hoxe

---

bacharel Cristóvão Rodrigues Acenheiro nas súas *Chronicas dos Senhores Reis de Portugal* (1535), como posíbel texto asociado aos materiais preexistentes ou derivados dos modelos textuais empregados tanto polo Conde de Barcelos como polos círculos señoriais que o precederon nesta querenza historiográfica (Catalán/Andrés 1970: xxxiv-xliv; Lorenzo 2002: 103; Miranda 2009b; Moreira 2012, 2013).

80 Martim Gil de Riba de Vizela era fillo de Milia Andrés de Castro, neto de André Fernández de Castro e sobriño-neto de Estevo Fernández de Castro, cuxo belicoso fillo, Fernando Ruíz de Castro morrería no cerco de Monforte en 1304 a mans do infante Felipe, irmán de Fernando IV (Pardo de Guevara y Valdés 2000: I, 127). Como lembra Miranda (2012: 133-134), coa morte de Fernando Ruíz, a liñaxe dos Castro fica debilitada, pois o seu único representante por vía masculina, Pedro Fernández de Castro, o seu fillo, era aínda unha crianza. Precisamente, nese difícil contexto, o conde Martim Gil asume a protección do seu primo instituíndoo como o seu único herdeiro. Sobre a posíbel implicación dos Lemos —en especial a nai de Pedro Fernández de Castro, dona Violante Sánchez, filla ilexítima de Sancho IV—, na circulación de textos desde a corte rexia castelá, véxase o adiantado nas conclusións deste traballo (n. 116).

81 Como é sabido, a redacción orixinal da *Crónica de 1344* (BITAGAP texid 9644) só se coñecía, até hai pouco, a través dunha tradución parcial castelá. Véxase agora Bautista/Moreira (2021) para unha recente análise sobre a tradición textual da *Crónica de 1344* á luz da descuberta de dous testemuños portugueses da primeira redacción.

82 Sobre a segunda redacción da *Crónica de 1344* (BITAGAP texid 1221), véxase Cintra (1951: I, xxix-xxx, lxiv-lxxv) e Catalán (1995: 526-529; 1997: 165-181). Unha actualización a respecto da súa tradición manuscrita e castelá en Moreira / Askins (2015).

83 Pichel/Varela Barreiro (2017: 187-90), Pichel (2017b: 118-119), Corral Díaz/Pichel *et alii* (2020: 82-83).

coñecidos a través de compilacións coetáneas ou tardías, quer as copias galegas que integran o facticio 8817 da BNE, quer os escasos testemuños que conservamos da primeira redacción da *Crónica de 1344* e da *Crónica de 1404*.

#### **4. E DESQUE EU ANDEY OS MAIS ANTIGOS MOESTEYROS E MAIS COMPRIDOS DE LIUROS... O TESOURO HAXIOGRÁFICO DE BERNARDO BRIHUEGA<sup>84</sup>**

Con certeza, un dos colaboradores máis estreitos do taller historiográfico afonsino foi o cóengo da igrexa de Sevilla, natural da vila homónima alcañeña, Bernardo de Brihuega, «clericus et alumnus» —como el mesmo declara— do Rei Sabio. Desde os comezos da década dos setenta traballou intensamente baixo o seu patrocinio con vistas á compilación dun vasto tesouro haxiográfico coñecido como as *Vitae Sanctorum*, conformado por cinco libros sobre a Historia da Salvación a partir do Novo Testamento: a vida de Xesús e de Santa María (libro I), as vidas e paixóns dos apóstolos (libro II), as paixóns dos mártires (libro III), as vidas dos confesores (libro IV) e a vida das santas virxes (libro V). As sucesivas batidas «per todoslos moesteyros de seu reyno<sup>85</sup>» na procura dos materiais haxiográficos necesarios para construír este extenso corpus deron como resultado unha primeira versión en latín (ca. 1270-75<sup>86</sup>), da cal conservamos algúns testemuños tardíos —compilados no século xv— e moi fragmentarios<sup>87</sup>. Pouco tempo despois, durante os anos seguintes (ca.

84 A cita que encabeza esta epígrafe procede do *Livro dos mártires* (BCB Livro nº 36, f. 145r).

85 Na versión portuguesa do *Livro dos mártires*, impreso en 1513 por João Pedro Bonhomini de Cremona (BCB Livro nº 36, f. 145r), podemos coñecer con bastante detalle o proceso de selección e compilación das fontes supervisado con grande esmero polo Rei Sabio: «E por ende nom se deve maravilhar nenhũu se eu, Bernaldo de Briuega, clerigo do mui nobre meu senhor, El Rei Dom Afonso, havendo mandamento dele de traladar as vidas dos Martires e dos outros Santos, faço ende muitos livros, e maiormente havend'os de achegar per seu mandado, per muitos logares departidos, e nom os achando as sazões certas que os mester havia, e demais havendo-as, per prema dele, a traladar o mais compridamente que as achar podía. Ca a razom que eu prometí de partir este Terceiro Livro em duas partes, tinha que se tinha meu senhor El Rei assaz por pagado das paixões que eu em aquelas duas partes posera. Mas ele, veendo que minguavam i muitos dos que ele sabia, e que havia i algũas que nom eram bem compridas mandou-mas ir buscar e emmendar, per todolos moesteiros de seus reinos, segundo que vos hei muitas vezes contado. E, des que eu andei os mais antigos moesteiros e mais compridos de livros, teendo que nom acharia em nenhũns deles outros mais do que em eles achara. fiz ende a terceira [parte] que de suso havedes ouvida, mas depois me mandou ele que andasse pelos outros todos, e achei as paixões destes martires que estam aqui escritos, de que me conveo fazer aquesta quarta parte» (*apud* Cepeda 1982: xxxviii-xxxix; cf. Sonsino/Cruz/Sobral 2018).

86 A estimación cronolóxica, tanto da versión latina como da romance (cf. *infra*), foi proposta por Bautista 2017.

87 BGHUsal mss. 2538 a 2541; RBME ms. f.I.1. Desta primeira redacción latina só coñecemos o texto dos últimos tres libros (parcialmente no caso da terceira e quinta parte) e un pequeno fragmento do segundo (Díaz y Díaz 1962, 1996: 37-41; Martins 1972: 105-109; Pérez-Embid Wamba 2002: 255-302; Martín-Iglesias 2016a). Véxase agora o estudo exhaustivo dos testemuños salmantinos elaborado por Martín-Iglesias (2020).

1275-84) e de modo paralelo á composición da *General Estoria*, o propio Bernardo continuaría este labor de ampliación e conciliación das diversas fontes reunidas, mais a partir dunha redacción máis refinada, cunha maior coherencia discursiva e xa traducida para lingua vernácula. Con toda probabilidade, a finalidade principal desta segunda versión, xa romanceada, sería a súa incardinación na crónica universal afonsina, en particular, no que respecta á materia correspondente á *Sexta Parte* (Bautista 2015). Porén, o propio corpus haxiográfico tamén tería circulado de maneira autónoma xa desde o inicio —máis adiante coñecido como *Genesi alfonsi*<sup>88</sup>—, do mesmo modo que acontecería con outras producións (re)creadas no taller historiográfico e xurídico afonsino con independencia da súa conformación ou integración como parte dun proxecto editorial máis amplo, como no caso das *Sete Partidas*, a *Estoria de España* ou a propia *General Estoria*<sup>89</sup>.

Desta segunda redacción romance coñécense diferentes versións castelás e portuguesas, mais só de maneira parcial e correspondentes aos tres primeiros libros, de tal modo que a narración relativa aos confesores e ás virxes só nos é coñecida a través dos exemplares latinos antes mencionados. A difusión da obra de Brihuega en romance é moi temperá e a súa lectura parece estar asociada, tanto no reino portugués como na Coroa de Castela, ao interese que debeu suscitar nalgúns ambientes cortesáns a posibilidade de acceder a todo este vasto corpus que, dalgún modo, difería ou complementaba a rica tradición haxiográfica consolidada durante a segunda metade do século XIII, como no caso da *Legenda aurea* de Jacopo da Varazze (ca. 1260), as *Vitae sanctorum* de Rodrigo de Cerrato (rematadas ca. 1275) ou as *Legende sanctorum* de Juan Gil de Zamora (iniciadas por volta de 1279-89). O carácter autónomo e cariz doxolóxico das *vitae* compendiadas nestes lendarios contrastaba co método narrativo —de natureza cronística e clara influencia afonsina— despregado na

88 Esta denominación menciónase en dúas versións quíntistas da obra de Bernardo de Brihuega: por un lado, na impresión vallisoletana de 1502 —hoxe perdida— dos cinco libros de Brihuega da cal dá noticia Frederick J. Norton (1973, 1978); por outro, no prólogo da versión portuguesa publicada en 1505 polo impresor Valentim Fernandes —a instancias da raíña dona Leonor de Lencastre— do libro II, as *Vidas e paixões dos apóstolos* (Cepeda 1982-89: I, xxiv-xxvi; Bautista 2015: 261-264).

89 Coñécense varios exemplos (in)directos desta dupla conformación textual no taller afonsino, quer aínda como rascuño ou corpus preliminar, quer xa como produto acabado ou nunha fase redaccional e figurativa ulterior, entre outros: o *Libro del fuero de las leyes* (ca. 1265), que transmite nun manuscrito de coidada factura —cunha vintena de pequenas miniaturas e varias iniciais historiadas— (BL Add. 20787; BETA manid 1112) a primeira redacción do que despois constituiría a *Primera Partida* (Rodríguez-Velasco 2010: 107-111; Rodríguez Porto 2012a: II, 765); ou o romanceamento do *Chronicon Mundi* de Lucas de Tui —o *Tudense alfonsi* (Jerez 2020)—, coñecido a través do testemuño *H* —BNE ms. 9268; BETA manid 3290— da *Versión crítica* e da *Crónica de 1404* na cal se emprega como fonte da historia imperial (Bautista 2014b). Canto á *General Estoria*, anteriormente xa mencionamos algúns textos autónomos e coexistentes coa crónica universal (cf. *supra* § 2.2): o perdido *Libro de Troya* —conxecturado a partir do testemuño da *Historia troyana* de Pedro I—, que transmitía unha tradución historiada con base na *Histoire ancienne jusqu'à César* e que só coñecemos compilado, como «estoria unada» —a coñecida como a *Estoria de Troya*— na segunda e terceira partes da *General Estoria* (Rodríguez Porto 2012a: II, 750-783, 2012b; Pichel 2016: 124-130); a *Estoria de las Breñañas* baseada nun compendio da *Historia regum Britanniae* —probabelmente un manuscrito francés da *Primera versión variante* da vulgata galfridiana (Pichel 2018)—, da cal se conserva un testemuño moi parcial e tardío no exemplar facticio que transmite a *Historia troyana polimétrica* (BNE ms. 10146).

Historia da Salvación concibida por Bernardo, na cal a contextualización cronolóxica e política dos santos referidos e dos seus feitos —por exemplo, a adscrición da *passio* dun determinado apóstolo ou mártir ao emperador romano correspondente— era un aspecto crucial, así como a interconexión dos diferentes relatos e dos axentes implicados neles<sup>90</sup>.

#### 4 .1. A difusión da obra de Brihuega en Portugal e na Coroa de Castela

No ámbito portugués, aínda que os testemuños conservados son tardíos, sábese que as primeiras traducións da obra remontarían en última instancia á fecunda actividade literaria emprendida durante o reinado de D. Dinis desde finais do século XIII e durante o primeiro cuartel do trescentos. O estudo da tradición textual e manuscrita inaugurado por Mário Martins desde mediados do século pasado (1959, 1969, 1972) e continuado, entre outros, por Isabel Vilares Cepeda (1975, 1982-89, 1993), ten demostrado, por un lado, a existencia de versións integrais hoxe perdidas dos libros II e III, como pouco, desde finais do século XIV e durante a primeira metade do XV, cuxa promoción se poderá vincular a diferentes impulsos culturais baixo os reinados de João I e D. Duarte. Por outra parte, o exame dos estratos lingüísticos<sup>91</sup> rastrexábeis nos testemuños hoxe conservados das *Vidas e paixões dos apóstolos* e do *Livro dos mártires*<sup>92</sup> confirma a dupla hipótese de que todos eles remiten en último termo á produción cultural dionisina e de que as primeiras traducións portuguesas non se realizarían directamente desde a versión latina do Briocano, mais a través dun modelo xa romanceado. Sobre esta última cuestión volveremos brevemente máis adiante.

Polo que respecta á Coroa de Castela, os testemuños máis antigos datan de finais do século XIII ou comezos do XIV (ca. 1290-1320) e, de acordo coa súa materialidade e cos datos coñecidos da súa procedencia, parecen representar tamén unha iniciativa asociada ao ambiente cortesán. Polos escasos testemuños que nos chegaron, sempre moi fragmentarios, sabemos que nesa altura, a cabalo das dúas centurias, se emprendeu unha das primeiras empresas de difusión das *Vitae* de Bernardo, a pouca distancia da súa primeira versión traducida, coa copia e ilumina-

90 Cepeda (1982-89: I, xxvii-xxxvii). Unha recente recapitulación ao respecto en Sobral (2021).

91 Véxase, en particular, a recente análise de Sobral e Cardeira (2018) sobre o *Livro dos mártires*, en que se confirma o estado da cuestión formulado anteriormente por Martins (1972: 105-129) e Cepeda (1982-89: I, xxiii; 1993).

92 Do libro II (BITAGAP textid 1044), editado por Cepeda (1982-89), consérvase un coidado códice alcobacense copiado en 1442-1443 (BNP ms. ALC. 280; BITAGAP manid 1121) e un impreso publicado en 1505 por Valentim Fernandes a instancias da raíña dona Leonor de Lencastre (BCB Livro nº 23; BITAGAP manid 1032; cf. copid 1110), para alén dun fragmento da segunda metade do XIV ao cal nos referiremos máis adiante (BNP ms. 5, nº 28; BITAGAP manid 1504; Cepeda 1975). Do libro III (BITAGAP textid 1032), cuxa transcripción é accesíbel no *Corpus de Textos Antigos* (Sonsino/Cruz/Sobral 2018), consérvase só a segunda metade da obra nun único postincunábel impreso en 1513 baixo o auspicio do rei Manuel I (BCB Livro nº 36; BITAGAP manid 1028; cf. copid 1103, 1104, 1164 e 1846), para alén dun fragmento do século XV (ANTT, Fragmentos c. 20, nº 10; BITAGAP manid 1750) dado a coñecer por Cepeda (1993).

ción —en varios manuscritos de aparato—, se non de toda a obra, si polo menos do segundo e terceiro libro<sup>93</sup>. A materia —apostólica e martirial— compilada nestes dous volumes foi obxecto de copia e refundición durante o trescentos, tal como demostra a compilación haxiográfica de finais do século XIV ou comezos do XV conservada na Biblioteca Nacional de España<sup>94</sup>. Polo que respecta á materia cristolóxica do primeiro libro de Brihuega —ausente, como xa indicou, na tradición latina e portuguesa coñecida—, consérvanse algúns testemuños fragmentarios<sup>95</sup> fundamentais para deducir, polo menos de modo parcial, o alcance dos contidos compilados na sexta parte da *General Estoria*, na cal se integraría boa parte da materia recollida no primeiro volume das *Vitae sanctorum* (Bautista 2015, 2017).

#### 4.2. Galicia nos primordios da difusión do magno corpus haxiográfico de Bernardo de Brihuega

Voltando aos inicios da recepción da obra do Briocano, hai indicios suficientes da súa circulación —e talvez copia ou tradución— en terras galegas poucas décadas despois da súa composición en romance na corte afonsina<sup>96</sup>. Os referidos fragmentos das *Vidas y pasiones de los apóstoles* identificados no Arquivo Histórico Provincial de Ourense (Fig. 5), hoxe desencadernados e restaurados, foran reutilizados no seu momento como cubertas dun libro de apeo dos bens do mosteiro de Santa

93 BETA texid 11193, 4634, 4635, 4636. Os fragmentos identificados recentemente no Arquivo Histórico Provincial de Ourense (Fragmentos, carp. 3, nº 4/5; BETA manid 4222) pertencen a un coidado códice —proxeitado para incluír miniaturas— do libro II de Brihuega e transmiten varios capítulos das *vitae* dos apóstolos Tomé, Marcos e André (Pichel/Sánchez Ferro 2019; 2021b: 60-64). Coñécese, ademais, outro fragmento coetáneo e relacionado co anterior —co que talvez conformaba unha mesma iniciativa libraria en varios volumes—, neste caso iluminado e pertencente ao libro III (*o Libro de los mártires*), que actualmente é obxecto de estudo e edición no marco da «Red del Libro Medieval Hispánico» (RED2018-102330-T).

94 Os estudos de Bautista (2014a, 2015, 2017) descartaron a tradicional consideración deste manuscrito (BNE ms. 10252; BETA manid 2819) como unha peculiar versión da *Legenda aurea* e permitiron identificar as *Vitae sanctorum* de Brihuega como a súa fonte haxiográfica principal. De acordo con este autor, o dito testemuño remontaría a unha primeira redacción romanceada do texto de Bernardo (polo menos da segunda e terceira partes), máis arcaica do que a versión que ofrecen as traducións portuguesas (cf. Pichel 2021b: 62-63). No seu estado actual transmite unha colección case completa de 12 pezas relativas ás vidas dos apóstolos e evanxelistas (libro II), máis un grupo de 18 textos dedicados ás paixóns de diferentes mártires (libro III), para alén doutros materiais compilados como a *Summa de ecclesiasticis officiis* de Jean Belet, a propia *Legenda aurea* ou a colección haxiográfica coñecida como *Virtutes apostolarum* (Bautista 2014a). Sobre este manuscrito, e en particular no que respecta á tradición miraculística xacobeá representada polos *Miraglos de Santiago* (BETA texid 4634, cnum 9104), véxase a edición e estudo de Connolly (1990) e os traballos de Fidalgo/Brea (2004: 194-209) e Fidalgo (2005).

95 Un deles, copiado a mediados do século XIV, consérvase na Biblioteca Francisco de Zabálburu (ms. 11-144; BETA manid 4056) e transmite, de acordo con Bautista (2017: § 10-12), a parte inicial do libro I (BETA texid 11194). Un segundo testemuño é copia, tamén incompleta, da segunda metade do XVI —a partir, de acordo co escribán, dun modelo textual «antiquísimo»— e interrompe a narración no relato da Última Cea, compartillando trazos estilísticos co testemuño da Zabálburu e preservando novas seccións descoñecidas até agora (Bautista 2017: § 18-21).

96 Como vimos anteriormente, a obra de Brihuega non foi unha excepción, pois a chegada a terras galegas doutros produtos historiográficos asociados coa corte foi tamén moi temperá, como demostra a copia e tradución da *Crónica de Castela* e da versión sanchina da *Estoria de España* nos primeiros decenios do trescentos (cf. § 3.2).

Clara de Allariz. A presumíbel localización do códice do cal proceden estes fragmentos no convento allaricense —fundado, como é ben sabido, en 1282 por dona Violante de Aragón— fornécenos algúns indicios canto á xénese e ao posíbel itinerario desta versión ilustrada da obra de Brihuega<sup>97</sup>. De acordo con Rodríguez Porto, parece factíbel que este códice fose concibido baixo o padroado do infante Felipe (1292-1327) —fillo de Sancho IV e de dona María de Molina— e a súa muller dona Margarita de la Cerda (1293 - ca. 1328) —neta de Afonso X, con quen casa en 1315—, ambos os dous protectores do mosteiro ourensán naquela altura<sup>98</sup>. A quenenza pola materia haxiográfica no ambiente cortesán é coñecida e demostra o interese pola lectura —textual e visual— dunha obra como as *Vitae sanctorum* de Brihuega desde finais do século XIII: desde a tradición haxiográfica franciscana, de natureza isabelina, representada polo *Officium et vita S. Elisabeth landgraviae Thuringiae*, cuxo mecenado ca. 1270-1284 foi atribuído á raíña dona Violante<sup>99</sup>, até a compilación de vidas de santos, romances haxiográficos e outras lecturas de orde piadosa —como o *Cuento de una santa emperatriz*, o *Otas de Roma* ou as *vitae* de María Exipcíaca e de María Madalena, entre outras— que transmite o ms. RBME h.i.13, copia tardía dun códice do primeiro cuartel do XIV que puido pertencer á raíña dona María de Molina<sup>100</sup>.

As posibilidades de estudo da recepción galega da obra de Brihuega —neste caso o libro II— non parecen esgotarse aquí, con todo. Do mesmo xeito que acontece co corpus historiográfico (post)afonsino, de ningún modo resulta desatinado preguntarse polo alcance ou proxección da materia haxiográfica de Brihuega en termos de copia ou mesmo tradución, nin tampouco acerca dunha posíbel circulación destes materiais cara ao reino portugués. Para dar resposta, aínda que sexa moi rudimentaria, a esta formulación, convén repararmos no contexto sociocultural en que se inscribe o testemuño ourensán das *Vidas y pasiones de los apóstoles*, tanto no relativo á actividade literaria operativa nesas coordenadas espazo-temporais, como no que respecta ás redes de poder que puideron propiciar unha tradición textual alternativa tomando como punto de partida o códice allaricense. No primeiro caso, xa foron referidas as diferentes iniciativas de (re)creación historiográfica asociadas á liñaxe dos Lima desde os inicios do trescentos (§ 3.3). Precisamente, quen lidera a comunidade clarisa receptora do códice de Brihuega posúe vínculos con este núcleo señorial, para alén da súa proximidade ao poder rexio. En efecto, dona Sancha Eanes, primeira aba-

97 Polo menos no que concirne ao libro II e talvez tamén ao III de acordo co indicado canto á relación entre ambos os testemuños recentemente identificados (cf. *supra* n. 94).

98 Véxase o traballo de Rodríguez Porto publicado neste mesmo volume, no cal se adianta esta hipótese e se pon en relación co patrocinio doutras pezas artísticas como a coñecida cruz de cristal de rocha conservada no convento alaricano.

99 Un estudo completo, incluído o seu contexto de produción, do *Officium et Vita* (BnF ms. NAL 868) en Rodríguez Porto (2012a: II, 7-39).

100 Sobre a composición e mecenado desta colección haxiográfica (BETA manid 1303), editada por Moore (2008) e Zubillaga (2008), véxanse as consideracións de Gómez Redondo (1999: 1341-1370; cf. 2007: 3913, 3918, 3925; 2009: 54-56) e unha recapitulación recente en Zubillaga (2021: 288-291).




Fig. 5. *Vidas e paixões dos apóstolos* (© Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Fragmentos, carp. 3, n.º 4-5, f. 1v).

desa de Santa Clara de Allariz, está emparentada cos cabaleiros de Zarracós<sup>101</sup> (conc. A Merca) —unha das herdanzas adquiridas pola comunidade—, entre os que se encontra o seu irmán Gonzalo Eanes, vasalo de Fernán Fernández de Lima II<sup>102</sup>, como vimos, un dos posíbeis implicados na copia ou tradución da *Crónica de Castela* (ca. 1300-12).

A sospeita dunha posíbel circulación do texto entre estas dúas influentes liñaxes (os Eanes de Allariz e os «Lima Maiores») e a súa proxección cara ao reino veciño non esvaece cando analizamos a tradición manuscrita portuguesa máis temperá das *Vidas e paixões dos apóstolos*. Como xa adiantamos, para alén do códice

101 Dona Sancha era probablemente filla de Xoán Pérez, tamén *miles* de Zarracós, cabaleiro ao servizo de Afonso X, aínda que parece que se aliñou a favor do infante don Sancho tras a sublevación nobiliaria de 1272 (Durany Castrillo 2009: 135; García-Fernández 2017: 126; cf. García Oro 1990: 125-136). Canto á filiación de dona Sancha co seu irmán, véxase, por exemplo, o testamento da súa cuñada, María Vásquez, muller de Gonzalo Eanes (Ferro Couselo 1996: I, 62-66, doc. 42).

102 De acordo coa homenaxe ordenada na carta de perdón e pacto que Fernán Fernández Lima outorga en Ourense o 25 de agosto de 1300 (ACOu, Escrituras 21, n.º 103 e Escrituras 12, n.º 16; Vaquero Díaz/Pérez Rodríguez 2010: II, 573-575, doc. 718).

alcobacense encargado polo abade Estevão de Aguiar e copiado por frei Bernardo de Alcobça e frei Nicolau Vieira en 1443-1444 (Cepeda 1982-89: I, liv-lvi), consérvase un fragmento de mediados ou do terceiro cuartel do século XIV<sup>103</sup> (Fig. 6) pertencente a un coidado códice que parece constituír o modelo textual común tanto da referida copia alcobacense como do postincunábel impreso por Valentim Fernandes (Cepeda 1975; 1982-89: I, lxxvii-lxxix). En contraste co resto da tradición manuscrita portuguesa (libros II e III), a configuración codicolóxica deste testemuño é moi similar á do volume ourensán, en particular, no que respecta aos elementos decorativos, epigráficos e de ordenación interna do texto (capitais con decoración afilegrada, en alternancia cromática vermello-azul e con disposición xerarquizada<sup>104</sup>). Porén, o aspecto máis rechamante é a planificación e disposición dos espazos reservados para as miniaturas que encabezan cada capítulo, do mesmo modo que acontece no testemuño do AHPOu<sup>105</sup>.

103 Cepeda (1975: 299) data o fragmento (BNP ms. 5, n.º 28) nos finais do século XIV ou comezos do XV, mais a letra e as solucións gráfico-lingüísticas do texto suxiren unha datación un pouco máis recuada. Trátase dun fragmento pertencente a un códice extenso (a folla conservada corresponde ao f. 156 e ao capítulo «CLVI»), que debeu pertencer á rica biblioteca de D. Francisco de Melo Manuel (Cabrinha), adquirida pola Biblioteca Nacional de Lisboa en 1852. O fragmento transmite o relato da vida de santo André correspondente aos capítulos 176-179 do libro II de Brihuega, de acordo coa versión portuguesa editada por Cepeda (1982-89: II, 198-200). Curiosamente, trátase do contexto inmediatamente previo ao contido conservado nos fragmentos ourensáns (do capítulo 179 en diante; Pichel 2021b: 61).

104 Con todo, hai certos elementos que non se reproducen no códice portugués, polo xeral, máis humilde que o alaricano, aínda que presenta algunhas innovacións. As capitais son de pequenas dimensións, aínda que reproducen, polo menos, dous niveis de xerarquía: abranguen dúas unidades de pautado no comezo de capítulo e unha cando inician rúbrica (e talvez reservaban unha capital de maior tamaño para o comezo de cada vida ou paixón apostólica). No caso do fragmento ourensán, as dimensións son similares (2-3 unidades de pautado), mais non se dá, polo menos no sorporte que se conservou, a diferenza xerárquica de tamaño (as rúbricas comezan cunha inicial maiúscula regular). Por outra parte, o códice allaricense presenta caldeiróns (alternando vermello e azul), ausentes no fragmento da BNP. Por último, canto aos elementos epigráficos, a capitulación do fragmento da BNP aparece na marxe superior, mentres que no do AHPOu se consigna na marxe vertical (á altura da rúbrica de cada capítulo) e a marxe de cabeza resérvase para a identificación —numérica e textual— das *vitae* correspondentes (Pichel 2021b: 61).

105 Que saibamos, esta cuestión non foi considerada até agora para o fragmento da BNP (cf. Cepeda 1975; 1982-89: I, lxxvii-lxxix), mais é de capital interese para reconstruír o modelo textual e iconográfico que puido estar detrás deste códice portugués. Neste sentido, parece evidente que, en última instancia, o modelo introducido en Portugal sería con toda probabilidade unha versión ilustrada da obra de Brihuega similar ás que hoxe coñecemos (o exemplar do AHPOu e o testemuño iluminado do *Libro de los mártires* ao cal xa nos referimos antes).






Fig. 6. *Vidas e paixões dos apóstolos* (© Biblioteca Nacional de Portugal, ms. 5, nº 28, f. 1v).

Á vista das consideracións expostas até aquí e como xa apuntamos noutro traballo (Pichel/Sánchez Ferro 2019), non podemos descartar a posibilidade de que entre as versións portuguesas do libro II de Brihuega —en particular o testemuño de mediados do séc. XIV— e o modelo castelán ilustrado que hoxe coñecemos mediase un exemplar confeccionado en medios culturais galegos a partir do testemuño allaricense, quer unha copia, quer xa unha tradución, que posteriormente se difundise no núcleo cortesán de D. Dinis e/ou en determinados núcleos señoriais ao longo das primeiras décadas do trescentos. Neste sentido, para alén do intercambio cultural operativo nesta época na área transfronteiriza tudense (cf. *infra* § 5, n. 107, no que respecta, en particular, á transferencia no ámbito franciscano, non sería en absoluto estraña a circulación de textos de carácter relixioso —neste caso de materia haxiográfica— entre os territorios de Galicia, Castela e Portugal, como acontece, por exemplo,

coa transmisión da *Crónica dos ministros gerais da Ordem dos Fraires Menores* na segunda metade do século xv<sup>106</sup>.

## 5. CABO

A circulación de textos de procedencia afonsina na Galicia medieval foi intensa e temperá, especialmente nas terras transfronteirizas que conformaban a antiga diocese de Tui. Un espazo tradicionalmente caracterizado polas continuas transferencias culturais aquí e alén Miño entre diferentes cortes señoriais con estreitos vínculos familiares e moi ben posicionadas canto á súa relación co poder rexio<sup>107</sup>. Desde

106 A recepción e tradución no Occidente peninsular da *Chronica XXIV Generalium Ordinis Fratrum Minorum*, atribuída ao monxe franciscano Arnaud de Sarrant, debeu cristalizar no terceiro cuartel do século xv, primeiro en ambiente cultural galego e posteriormente en Portugal. O único testemuño conservado desta tradición é un manuscrito portugués (BNP, Coleção Manuscritos Reservados, IL. 94; BITAGAP manid 1043) confeccionado en 1470 no convento de Santo António de Vila Franca de Xira baixo a supervisión do freire galego Antonio da Ribeira, naquela altura vicario do referido oratorio ribatexano. O modelo textual empregado para esta copia foi unha primeira tradución galego-portuguesa, hoxe perdida —e baseada, por súa vez, nunha tradución castelá de mediados do xv— elaborada por volta de 1465 probablemente por un clérigo galego vinculado ao convento de San Francisco da Coruña (Souto Cabo 2016; Mariño Paz 2018: 114; Corral Díaz/Pichel *et alii* 2020: 109-115; cf. Capdevila Arrizabalaga/Soriano Robles 2020).

107 En efecto, hai suficientes evidencias e indicios da transferencia cultural entre Galicia e Portugal neste espazo transfronteirizo durante toda a época medieval. Centrándonos no período que nos ocupa aquí (finais do séc. xiii - comezos do xiv), e á marxe da tradición historiográfica e haxiográfica analisada neste traballo, lembremos, por un lado, a produción lírica dionisina reflectida no conxectural *Livro de Trovas* do rei (BITAGAP texid 9608), no cal se compilarían tamén materiais trobadorescos de orixe galega (estado da arte recente en Monteagudo 2019a). Polo que respecta á prosa romancesca, a copia galega do *Livro de Tristam* remontaría en última instancia a unha primeira tradución galego-portuguesa, elaborada no último terzo do século xiii —talvez ca. 1270-80—, na cal poderían estar involucrados algúns membros da corte señorial dos Aboim-Portel (síntese en Pichel / Varela Barreiro 2017). Canto á literatura xurídica, o códice portugués da *Primeira Partida* (BITAGAP manid 1132), de mediados do xiv, non representaría unha tradución directa desde o castelán, mais unha versión realizada por un copista de orixe galega ou sobre un modelo xa traducido en medios galegos (Ferreira 1980: xlix-lxii; Mariño 1998: 153). O tal antecedente podería estar emparentado con algún dos testemuños galegos datados con anterioridade á copia portuguesa, isto é, os mss. ARAG, Col. Pergameos, P. Caixa 3-8 (BITAGAP manid 1470) e ARG, Col. fragmentos de códices e impresos, CI-3 (BITAGAP manid 1471), elaborados entre finais do século xiii e o primeiro cuartel do xiv (Ferreira 1980: lvi, n. 68; Corral Díaz/Pichel 2020 *et alii*: 151; Pichel 2021a: 131 e n. 19). Non hai dúbida, en todo caso, de que no espazo tudense debeu haber continuidade ao longo dos séculos xiv e xv no que respecta á circulación dos textos xurídicos afonsinos máis alá das *Partidas*, como demostra a utilización por parte dun notario da zona, Vasco Lourenzo de Tui, dun exemplar misceláneo do *Fuero Real* (BNE ms. 710; BETA manid 1054) no cal se incorporan numerosas glosas marxinais e intervencións correctivas no texto principal (BITAGAP manid 4094); véxase unha recapitulación ao respecto en Corral Díaz/Pichel *et alii* (2020: 141, 197-198) e Pichel (2021d: 129-130). Por último, polo que respecta ao ámbito científico-técnico, para alén da tradución dionisina elaborada en 1318 polo Mestre Giraldo (cf. *supra* n. 77), a obra de Giordano Ruffo foi tamén traducida en terras meridionais galegas nalgún momento do século xiv, tal como se desprende do estudo crítico do *Tratado de Alveitaría* (BITAGAP texid 1099, manid 1974; Pérez Barcala 2013), copia galega de comezos do xv realizada —a partir dunha tradución trecentista perdida— por Alvaro Eanes da Seira, notario baionés ao servizo de Xoán Fernández de Soutomaior III, bispo de Tui entre 1408 e 1423. Precisamente, este último dato, como xa foi apuntado nalgunha ocasión (Corral Díaz/Pichel *et alii* 2020: 218), permitiría relacionar a influente liñaxe dos Soutomaior coa lectura e mecenado de textos de carácter técnico ou didáctico, en especial os de natureza veterinaria. Este posíbel interese pola hipiatría —moi afín, polo demais, a outras inclinacións cabaleirescas

finais do século XIII e até mediados do XIV —con maior intensidade nas tres primeiras décadas do trescentos— inaugurábase en Galicia o proceso de asimilación da literatura historiográfica e xurídica de orixe (post)afonsina, coa copia e tradución, por un lado, da *General Estoria*, da *Estoria de España* e das súas derivacións cronísticas máis populares (a *Crónica de Castilla* e a *Crónica particular de San Fernando*), e por outro, de boa parte do corpus legislativo das *Partidas*<sup>108</sup>, así como doutros textos xurídicos como o *Fuero Real* ou as *Flores de Derecho*<sup>109</sup>. Trátase dun período coincidente coa fecunda expansión cultural impulsada, desde Portugal, por D. Dinis no período final do seu reinado (1290-1325) e polo III Conde de Barcelos no segundo cuartel do XIV, e, desde a Coroa de Castela, a través das diferentes empresas historiográficas e literarias promovidas desde o ambiente rexio de Sancho IV, Violante de Aragón, Fernando IV, María de Molina e Afonso XI, para alén doutras iniciativas de carácter nobiliario como a produción asociada a D. Juan Manuel.

Polo que respecta á historiografía, a clamorosa ausencia de indicios da circulación nesta altura das versións afonsinas da *Estoria de España* (a primitiva e a crítica<sup>110</sup>) contrasta coa rápida asunción dos modelos cronísticos subvertidos tras a reformulación sanchina da *Versión amplificada*, nun contexto particularmente proclive, por parte das elites nobiliarias e eclesiásticas galegas, a rendibilizar un discurso, de signo pro-castelanista e señorializante, máis acomodaticio e acorde coas súas obrigas e necesidades de afianzamento político-ideolóxico. Nestas coordenadas e durante as primeiras décadas do século XIV, deberon canalizarse diferentes iniciativas señoriais fraguadas no espazo transfronteirizo das terras de Toroño e do Minho, e tamén baixo a influencia da sé arcebispal de Santiago, orientadas á importación e difusión dos principais produtos cronísticos da altura. Entre elas, as influentes cortes dos Lima-Batisela e dos Riba de Vizela deberon impulsar, de maneira autónoma ou colaborativa, a copia e/ou tradución duns prototipos —casteláns ou galego-portugueses— que xa circulaban a comezos do trescentos. Ben é certo que nesta actividade puideron estar implicados, en diferente grao, outros axentes culturais relacionados, como os

---

como a caza, unha práctica cinexética ben recoñecíbel nesta liñaxe (Vila 2010: 223-233)—, unido á vinculación do bispo Xoán Fernández de Soutomaior I (1286-1323) coa corte dionisina (cf. *supra* § 3.3 e n. 66), convida a imaxinar posibles canais de circulación deste tipo de textos entre Galicia e Portugal, en particular no que respecta á tradución trecentista perdida do *Tratado* ou mesmo algún exemplar da súa fonte latina.

108 Conforme os vestixios materiais conservados, a *Primeira* (BITAGAP texid 1214) e a *Terceira Partida* (BITAGAP texid 1215) son as que primeiramente se traducen, entre finais do século XIII e primeiras décadas do XIV, coincidindo, tamén, coa datación conxectural dos primeiros testemuños portugueses hoxe coñecidos a través de copias de mediados do trescentos (cf. *supra* n. 74 e 75). Tras esta primeira etapa, a partir do segundo cuartel do trescentos e durante a segunda metade do XIV e comezos do XV conservamos vestixios galegos da tradución das restantes *Partidas*, salvo da *Segunda*, da cal non se conserva ningún exemplar (máis detalles sobre as diferentes campañas galegas de tradución das *Partidas* en Pichel 2021a: 121-126).

109 Canto a estes dous códigos legais (BITAGAP texid 9841 e texid 9842), consérvanse dous fragmentos de orixe berciana copiados —probablemente nun mesmo volume facticio, como no caso portugués (cf. *supra* n. 76)— entre finais do século XIII e o primeiro cuartel do XIV (BITAGAP manid 1450 e 1494). véxase Corral Díaz/Pichel *et alii* (2020: 195-206) para un estado da arte.

110 A *Versión crítica*, como xa vimos, só se incorpora ao labor historiográfico galego a comezos do século XV, como fonte estrutural da *Crónica de 1404* (cf. *supra* n. 38).

Aboim-Portel, os Castro ou os Soutomaior, mais o que si parece factíbel é a mediación da sé compostelá na última fase compositiva reflectida no ms. BNE 8817.

Se a antiga diocese de Tui representou a comezos do trescentos un espazo converxente de (re)apropiación ideolóxica dos materiais cronísticos derivados da Estoria de España sanchina<sup>111</sup>, na área noroccidental coruñesa canalizouse o interese pola historiografía universal e a materia antiga a través da corte nobiliaria dos «Andrade Maiores»<sup>112</sup>. Así se deduce do probábel mecenado a mediados do XIV da tradución da primeira parte da *General Estoria* —polo menos da materia bíblica extraída do libro da Xénese— por parte de Nuno Freire de Andrade II, primoxénito do cabaleiro Rui Fernández de Andrade e de dona Inés González de Soutomaior, así como da restitución material e tradución parcial, algúns anos máis tarde (ca. 1369-73), da *Historia troyana* de Pedro I, na cal se interpolan diversas narrativas seleccionadas da materia troiana compilada por Afonso X na segunda parte da *General Estoria*.

Enmarcada nestes circuítos señoriais de entrada e saída, a produción literaria galega da primeira metade do século XIV e, en xeral, de toda a Baixa Idade Media, representa un gonzo ineludíbel para explicar a xénese ou a prolongación de certas tradicións textuais e manuscritas cultivadas no ámbito portugués e castelán<sup>113</sup>. Neste sentido, o valor do ms. BNE 8817 é un punto de apoio para o estudo da difusión occidental da cronística (post)afonsina, en particular no que respecta á *Crónica de 1344* do Conde de Barcelos e ás súas fontes, baseada nos prototipos que deron lugar ao códice facticio galego e que, cando menos en parte, proceden do manuscrito rexio  $E_2$  nunha fase compositiva anterior á ensamblaxe do códice facticio en tempos de Afonso XI. Se no caso dos testemuños galegos da *Estoria de España* e da *Crónica de Castela* a filiación coa tradición textual portuguesa é evidente —tamén no que respecta á segunda redacción da *Crónica de Barcelos* con respecto á *Crónica de 1404*—, no ámbito haxiográfico, aínda que con moitas máis reservas, ben podería acontecer algo semellante coa versión ilustrada das *Vidas y pasiones de los santos* de Bernardo de Brihuega levada ao convento de Santa Clara de Allariz, acaso copiada ou mesmo traducida en medios galegos antes da súa chegada ao reino portugués como parte do intenso programa cultural impulsado por D. Dinis.

111 Como xa se indicou, a diocese de Mondoñedo terá un particular protagonismo no labor historiográfico retomado entre finais do século XIV e primeiras décadas do XV (cf. *supra* n. 49).

112 Esta designación permite individualizar o ramo dos descendentes dos Freire de Andrade surtidos nas primeiras décadas do XIV, acompañando a debilitada liña xenealóxica do século anterior, protagonizada por Fernán Pérez de Andrade I e Pedro Fernández de Andrade (véxase unha recapitulación e bibliografía en Pichel 2014: 100-102).

113 Nun dos seus traballos máis valorados, Lorenzo (2002) insistía na «interconexión» da prosa galega coa tradición literaria e historiográfica veciña. Un aspecto fundamental, como ben salientaba López Martínez-Morás (2007), á hora de ponderar as moitas luces da literatura medieval galega máis alá do patrimonio lírico trobadoresco. Nesa mesma liña de investigación ou divulgación perseveran outros traballos recentes en prol da reavaliación e valorización do inesgotábel legado da prosa medieval galego-portuguesa forxada na Galicia baixomedieval (Pena 2013: 247-287; Souto Cabo 2016; Corral Díaz/Pichel *et alii* 2020: cf. 251-256).

A prolongación da actividade historiográfica galega durante o catrocentos, máis alá das iniciativas de copia e compilación encamiñadas á elaboración da anónima *Crónica de 1404*, reflectiuse no interese —interno ou foráneo— por consultar e difundir en castelán algúns dos textos galegos producidos nesa época, tal como demostran as tres iniciativas de retradución entre mediados e finais do século XV das versións galegas da *Geral Estoria* (GE1), da *Versión amplificada* e da propia *Crónica de 1404*.

Doutra parte, é interesante tamén reparar no estadio ou natureza redaccional dos modelos textuais importados e traducidos en medios galegos e/ou portugueses, non só porque permite, ás veces, reconstruír camadas compositivas hoxe imperceptíbeis na instancia textual na cal se preserva un determinado texto —polo xeral, copias non coetáneas—, mais tamén porque nos fornece unha valiosa información contextual no que respecta á procedencia ou localización deses manuscritos e ao perfil ou grao de proximidade dos individuos que podían acceder a eles. Nos casos analizados neste traballo, os modelos utilizados para a tradución da *Versión amplificada* (A1) e da primeira parte da *Geral Estoria* (F) representan, en efecto, manuscritos procedentes do escritorio rexio, nun estadio textual ou codicolóxico definitivo ou moi próximo a el: por un lado, A1 deriva de  $E_2$ , ou dunha copia del, na súa redacción aínda autónoma e coa integración das notas correctivas coetáneas ( $E_2$ (orig)-corr); por outro, F procede dunha versión preliminar ao códice rexio, cunha redacción aínda sen depurar en termos de refinamento estilístico e censura (o arquetipo  $O_1^{114}$ ).

En calquera caso, o acceso a este corpus —ben sexa por préstamo ou obsequio, ben por encargo de copia ou tradución— non debía ser o máis habitual, pois despois de todo tratábase de materiais exclusivos do *scriptorium* rexio, de moi restrinxida circulación, vinculados a unha etapa compositiva preliminar ou definitiva e, por tanto, menos proclives a unha difusión ulterior máis alá do seu uso interno<sup>115</sup>.

Neste sentido, parece factíbel conxectar, como vía de entrada dos textos (post)afonsinos contemplados neste traballo —talvez tamén no caso dalgúns textos xurídicos como as *Partidas*—, certos membros da parentela rexia de Sancho IV moi vinculados con Galicia e coas súas principais elites nobiliarias: máis alá da súa

114 O mesmo acontece, como se viu, na materia troiana afonsina interpolada na *Historia troyana* de Pedro I (e tamén presente, na súa maior parte traducida, na versión bilingüe comisionada polos Andra-de), neste caso procedente de materiais non depurados alleos á redacción definitiva que hoxe coñecemos para a segunda parte da *General Estoria*.

115 Sobre a necesaria e probada existencia de rascuños e cadernos de traballo ou compilatorios no taller historiográfico afonsino, véxanse, entre outros, Menéndez Pidal (1951), Catalán (1976, 1997), Fernández-Ordóñez (1992, 2000c), Almeida (2009: I, lxxix-lxxx, xcii-xciv), Sánchez-Prieto Borja/Almeida (2009: I, 727-728), Bautista (2014b), Pichel (2016: 130-152; 2018) ou Jerez Cabrero (2020). O exemplares A1 e F referidos aquí non son os únicos exemplos coñecidos na produción literaria galega de copia ou tradución de versións preliminares ou definitivas. Acontece algo semellante na tradución da *Versión crítica* da *Estoria de España* compilada na *Crónica de 1404* (Bautista 2014b), así como nas traducións andradinas da *Crónica troyana* de Afonso XI —realizada a partir do antígrafo do códice rexio RBME H.j.6 (BETA manid 1561)— e da *Historia troyana* de Pedro I —baseada no propio exemplar rexio que se estaba a restaurar, unha versión que nunca se chegaría a pasar a limpo— (véxase unha síntese sobre estas dúas traducións troianas en Corral Díaz/Pichel *et alii* 2020: 31-46; cf. *supra* § 2.2).

nai (Violante de Aragón) e esposa (María de Molina), é particularmente interesante a posíbel implicación de dous dos seus fillos: por un lado, o infante don Felipe e a súa muller dona Margarita de la Cerda, xa mencionados; por outro, dona Violante Sánchez (ca. 1281-1330), muller de Fernando Ruíz de Castro e, por tanto, principal herdeira na altura do señorío de Lemos<sup>116</sup>.

Este e outros indicios apoian a idea de que os axentes culturais implicados na recepción e asimilación destes textos debían posuír un vínculo de proximidade á corte rexia abondo estreito como para acceder e reaproveitar este tipo de materiais. Oportunidade, en definitiva, e vontade de proxectar e refractar, na lingua propia, os «feytos antigos» das «moytas estorias» das santas e sabedoras xentes daquel pasado remoto e incerto presente.

---

116 En relación a dona Violante Sánchez, filla ilexítima de Sancho IV e María de Meneses, véxase García (2008) e García-Fernández (2021: 54, n. 34). Estas e outras cuestións relacionadas cos axentes e circuitos culturais involucrados na circulación de textos na Galicia baixomedieval son abordados nunha investigación en curso realizada en colaboración con Miguel García-Fernández e Rosa María Rodríguez Porto.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AILENII, Simona (2019): *A tradução galego-portuguesa do romance arturiano. Os primeiros testemunhos*, Porto, Estratagias Criativas.
- ALMEIDA, Belén (2009): *General Estoria. Segunda Parte*, Madrid, Fundación José Antonio de Castro, Biblioteca Castro, 2 vols.
- ALMEIDA, Belén (2013): «*General Estoria*. Breve panorama crítico», *Revista de El Colegio de San Luis*, 3:6, 166-181 (<https://dialnet.unirioja.es/download/articulo/4988745.pdf>) [última consulta: 15/07/2021].
- ALMEIDA, Belén (2018): «La materialidad de la historiografía alfonsí: desde el cuaderno de trabajo al códice regio (y más allá)», *Bibliographica*, 1:1 (<https://bibliographica.iib.unam.mx/revista/index.php/RB/article/view/6>) [última consulta: 15/07/2021].
- ALMEIDA, Belén/Elena TRUJILLO (2009a): *General Estoria. Quinta Parte*, Madrid, Fundación José Antonio de Castro, Biblioteca Castro, 2 vols.
- ALMEIDA, Belén/Elena TRUJILLO (2009b): «Censura y modificación ideológica en la Quinta Parte de la *General Estoria* de Alfonso X el Sabio», *Diálogo de la Lengua*, 1, 1-14.
- ALONSO PARADA, Raquel (2015): «La traducción gallega de la *General Estoria*: mudanzas en el dominio de la morfología verbal», en Elisa Borsari (coord.), *En lengua vulgar castellana traducido. Ensayos sobre la actividad traductora durante la Edad Media*, San Millán de la Cogolla, Cilengua, 3-22.
- ÁLVAREZ, Rosario/Xosé XOVE (1998): «Lingua e variación dialectal na *Crónica Xeral Galega*», en Dieter Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Vigo, Galaxia, vol. 1, 29-58.
- AZEVEDO, Pedro A. (1906-1910): *Livro dos bens de D. João de Portel*, Lisboa, Arquivo Histórico Português.
- BAUTISTA, Francisco (2003): «Hacia una nueva “versión” de la *Estoria de España*: texto y forma de la Versión de Sancho IV», *Incipit*, 23, 1-59.
- BAUTISTA, Francisco (2006): *La Estoria de España en época de Sancho IV: sobre los reyes de Asturias*, Londres, Queen Mary, University of London, Department of Hispanic Studies (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar 50).
- BAUTISTA, Francisco (2010): «Original, versiones e influencia del *Liber regum*: estudio textual y propuesta de stemma», *e-Spania*, 9 (<https://doi.org/10.4000/e-spania.19884>) [última consulta: 15/07/2021].
- BAUTISTA, Francisco (2013): «Genealogías de la materia de Bretaña: del *Liber regum* navarro a Pedro de Barcelos (c. 1200-1350)», *e-Spania*, 16 (<https://doi.org/10.4000/e-spania.22632>) [última consulta: 15/07/2021].

- BAUTISTA, Francisco (2014a): «Bernardo de Brihuega y la colección hagiográfica del ms. BNE 10252», *Zeitschrift für romanische Philologie*, 130, 71-104 (<https://doi.org/10.1515/zrp-2014-0004>) [última consulta: 15/07/2021].
- BAUTISTA, Francisco (2014b): «Para la tradición textual de la *Estoria de España* de Alfonso X», *Romance Philology*, 68, 137-210 (<https://doi.org/10.1484/J.RPH.5.107635>) [última consulta: 15/07/2021].
- BAUTISTA, Francisco (2014c): «El renacimiento alfonsí: *renovatio* y saber en la producción cultural de Alfonso X (1252-1284)», en *La cultura en la Europa del siglo XIII: emisión, intermediación, audiencia*, Navarra, Gobierno de Navarra, 85-96.
- BAUTISTA, Francisco (2015): «El final de la *General Estoria*», *Revista de Filología Española*, 95, 251-278.
- BAUTISTA, Francisco (2017): «Sobre la tradición textual de la segunda parte de la *General Estoria*», *Bulletin of Spanish Studies*, 94:7, 1093-1108 (<https://doi.org/10.1080/14753820.2017.1316943>) [última consulta: 15/07/2021].
- BAUTISTA, Francisco (2020a): «De nuevo sobre el *Libro de las generaciones y linajes de los reyes* (o *Liber regum*): recuperación de la versión toledana de hacia 1219», *e-Spania*, 37 (<https://doi.org/10.4000/e-spania.37546>) [última consulta: 15/07/2021].
- BAUTISTA, Francisco (2020b): «Alfonso X y la historia», en Elvira Fidalgo (ed.), *Alfonso X el Sabio: cronista y protagonista de su tiempo*, San Millán de la Cogolla, Cilengua, 65-87.
- BAUTISTA, Francisco/Filipe Alves MOREIRA (2021): «Para a tradiçãõ textual da *Crónica de 1344*: dois manuscritos da versão original», *Zeitschrift für romanische Philologie*, 137:1, 183-216.
- BELLO RIVAS, María Xesús (1995): *A traducción galega da Crónica General. Entre dependencia e innovación*. Tese de licenciatura inédita. Santiago de Compostela, Universidade.
- BELLO RIVAS, María Xesús (1998): «O texto galego da *Crónica General* e o seu traductor», en Dieter Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Vigo, Galaxia, 59-69
- BELLO RIVAS, María Xesús (1999): «La *Crónica General de España* y su traducción galega», en Aurelio González *et alii* (coords.), *Discursos y representaciones en la Edad Media. Actas de las VI Jornadas Medievales*, México, UNAM, El Colegio de México, 153-168.
- BETA = Faulhaber, Charles B. (dir.) (1997-): *Bibliografía Española de Textos Antiguos*, Berkeley, University of California, The Bancroft Library ([https://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/beta\\_ga.html](https://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/beta_ga.html)) [última consulta: 15/07/2021].
- BITAGAP = Askins, Arthur L-F. (dir.) (1997-): *Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses*, Berkeley, University of California, The Bancroft Library ([https://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/bitagap\\_ga.html](https://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/bitagap_ga.html)) [última consulta: 15/07/2021].



- CALDERÓN MADINA, Inés (2018): *Los Soverosa. Una parentela nobiliaria entre tres reinos. Poder y parentesco en la Edad Media hispana (siglos XI-XIII)*, Valladolid, Universidad.
- CAMPA GUTIÉRREZ, Mariano de la (2009): *La Estoria de España de Alfonso X. Estudio y edición de la Versión crítica desde Fruela II hasta la muerte de Fernando II*, Málaga, Analecta Malacitana.
- CAMPA GUTIÉRREZ, Mariano de la (2010): «La *Crónica de Castilla* como representante de la *Estoria de España* de Alfonso X: estudio y edición», en José Manuel Fradejas Rueda/Déborah Dietrick Smithbauer/Demetrio Martín Sanz/M<sup>a</sup> Jesús Díez Garretas (eds.), *Actas del XIII Congreso Internacional Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Valladolid, 15 a 19 de septiembre de 2009). In memoriam Alan Deyermond*, Valladolid, Universidad/Ayuntamiento, vol. 1, 489-505.
